PUNTEIROLO

TEMPADA 2017-18

BOLETÍN INFORMATIVO ANUAL DA S.D. VILLESTRO

A SDVILLESTRO XA É UN CLUB REFERENTE NO FÚTBOL BASE DE GALICIA

Mención Especial outorgada pola Real Federación Galega de Fútbol ao excelente traballo de promoción do fútbol base.

Á Gala asistiu unha ampla representación do Club.

Dous cracks da **SDV** participan no **Punteirolo**.

Non perdas os seus artigos

O EQUIPO FEMININO A 1ª

OS PREBENXAMÍNS ARRASAN

CADETES E XUVENÍS CAMPIÓNS DA COPA DE SANTIAGO

OS INFANTÍS LOGRAN O ASCENSO DE CATEGORÍA

EDITORIAL

Rematado o curso futbolístico a Sociedade Deportiva Villestro retoma unha pequena inquedanza que leva anos madurando pero que nunca lograba saír á luz, este Punteirolo.

Non é o primeiro número que se publica pero agardamos que tampouco sexa o último e que este compás de espera de tantos anos sirva para dar o empurrón definitivo a unha publicación que foi novidosa na súa primeira etapa e siga a ter enganchados a xogadores, país e adestradores da maneira que o facía.

Os tempos cambian e, por sorte, a estrutura do Club tamén. Se as primeiras edicións publicadas do Punteirolo eran de carácter mensual, facendo resumes de cada equipo ao remate do mes de competición, entrevistas, artigos de opinión, pasatempos…, (o número de equipos daqueles anos permitía facelo), a partir de agora esta publicación farase de carácter anual. Ao remate da competición realizarase un resumo gráfico do que foi a tempada en cada equipo de cada categoría co fin de ver e avaliar a súa evolución.

A existencia de tantos equipos no Club fai inviable que unha soa persoa poida editar unha publicación mensual co seguimento pormenorizado de cada un, polo que de momento retomarase esta de forma anual. Agardamos que vos guste e que sexa un bo recordo, para vós, do que foi este ano.

CADA DÍA SOMOS MAIS!!!

O Club non para de medrar!! Supoñemos que algo estaremos a facer ben…, ou non…, pero este ano as expectativas de equipos e licenzas deportivas superaron as previsións que barallabamos no Club.

E non podemos deixar de sorprendernos se temos en conta os condicionantes sociais e xeográficos da S.D. Villestro. Non debemos esquecer que somos un Club do rural (ou de barrio, que agora gusta máis dicilo). Villestro é unha parroquia do rural de pouco máis de 1.500 habitantes, a medio camiño entre Compostela e o Núcleo de Bertamiráns.

Non dispomos de grandes inversores, nin de equipos en categorías punteiras que nos dean pulo…, pero seguimos a medrar!!!, pouco a pouco, cada ano, seguimos aumentando a nosa familia.

Na tempada 2017-18 a S.D. Villestro presentou a competición 29 equipos: 8 de fútbol 11, 9 equipos de fútbol-8 e 12 equipos de fútbol sala; nos que participaron un total de 401 xogadores/as: 163 na modalidade de fútbol 11, 122 en fútbol-8 e 116 de fútbol sala.

INDICE:

Portada	1
Editorial—**Índice**	2
Resumo Equipos Fútbol-11	3 a 16
Artigo Fernando Seoane	17
Resumo Equipos Fútbol-8	18 a 28
Resumo Fútbol Sala	29 a 48
Artigo Rodrigo Iglesias	49
Memorial Sergio Lemos	50
Cea de Nadal 2017	51
Torneos de Verán	52 a 54
Gala do Fútbol Galego	55 a 57
Organigrama Club	58
Patrocinios	59

O PASIÑO QUE NOS FALTA

Non é unha obsesión do Club pero tanto traballo parece que se queda curto cando se ven os resultados finais e parece que sempre queda algo no tinteiro. Non chegamos a acadar unha categoría de maior nivel.

O traballo dende a base é fundamental e está visto que nos último anos a S.D. Villestro está a sacar fornadas de xogadores/as cun gran talento e futuro, froito do traballo e dedicación dun grupo de adestradores que pasan boa parte do seu tempo coidando e ensinando aos nenos/as. Pero, para cando un equipo en Liga Galega?, parece que é o que lle falta ao Club.

Todo o traballo que se realiza dende a base non se ve reflectido nas categorías máis altas. Mesmo, ao chegar a elas, moitos dos rapaces vanse por non ter un equipo aí, onde nos gustaría.

Este ano foron os cadetes os que intentaron ese salto, outros anos xa foran os infantís, ou os xuvenís…, pero nunca chega. Sempre lle botamos a culpa á mala sorte…, escusas!!!

Xa vai sendo hora de cambialas!!!. Merecémolo!!

AMESPORT-S.D. VILLESTRO VETERANOS

EQUIPO:
ALONSO GARABAL, RAMIRO
ARES TUBIO, MANUEL
BALIÑAS FREIRE, JOSE R .
CAJADE NIETO, RAFAEL
CONDE CASAIS, JORGE
FRAGIO VILLAVERDE, MIGUEL A .
GIGIREY AMADO, JOSE A .
GONZALEZ PAIS, RAMON
ISLA GAYOSO, VICTOR
MARTINEZ VIDAL, JOSE E .
MONTERO BUJAN, ANGEL
MORALES CALVO, JOSE
OTERO PUGA, PABLO CESAR
PALACIOS RODRIGUEZ, CESAR
PIñEIRO RODRIGUEZ, ALBERTO J.
REY VIEITO, MANDILLO E.
RIOS BRAÑA, MIGUEL A.
RODEIRO NOYA, GUSTAVO
RODRIGUEZ CASTRO, MANUEL
SEOANE LOPEZ, RAMON
VARELA CANEDO, JAVIER
VAZQUEZ LOPEZ, BORJA

ADESTRADOR:
PAZOS RIAL, JUAN J.

DELEGADO:
LIÑARES PACHÓN , ANTONIO

LIGA: Descenden de categoría

O gran remate final de tempada non foi suficiente para manterse na 1ª División

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
11	AMESPORT VILLESTRO S.D.	36	28	5	2	7	6	1	7	40	50	0

Non puido ser. Unha nefasta primeira volta condenou aos veteranos de Amesport-S.D. Villestro ao descenso de categoría.

Organizada por primeira vez pola Federación Galega de Fútbol, ata agora a competición era competencia exclusiva da Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago, a Liga comezaba cedo, alá polo mes de setembro e con dous obxectivos claros, o primeiro: gozar do fútbol; o segundo: tentar manterse na categoría unha vez rematase o campionato.

A simple vista parecía fácil a tarefa pero tiña a súa trampa. Nun grupo de 15 equipos nos que os 4 primeiros ascenden, pero os 6 últimos descenden…, quedar en terra de ningures había que fiar moi fino.

Encadrados no Grupo 2º, da 1ª División, a primeira volta realizada polos veteranos de Amesport non foi a máis motivadora para acadar os obxectivos. Nos 15 primeiros encontros de Liga unicamente lograrían o triunfo en 3 deles e outros tantos empates. O resto todo derrotas.

Con este panorama semellaba tarefa difícil recuperar o terreo perdido na segunda volta, pero non desfaleceron no intento. Redobraron esforzos e as vitorias comezarían a chegar. Así, nesta segunda parte do campionato dos 15 encontros que restaban os Veteranso de Amesport lograrían colleitar 8 triunfos, pero o resto dos encontros foron derrotas. Quizais se botou en falta algún que outro empate.

Remate do campionato de Liga de Veteranos na undécima posición con 36 puntos que lles sumaron os 11 encontros vencidos, 3 empates e 14 derrotas, con 40 goles a favor e 0 en contra. 2 puntos…, a só 2 puntos quedaron da salvación!!!

Agora toca descansar e coller folgos para tentar recuperar a categoría a vindeira tempada. Se non…, o importante é pásalo ben!!!.

SÉNIOR MASCULINO

LIGA: Remontada sen premio final

A gran segunda volta feita non foi suficiente para optar ao ascenso.

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	S.D. VILLESTRO	56	34	10	3	4	7	2	8	62	57	0

EQUIPO:
ARNEJO MALLO, ADRIAN
ARNEJO MALLO, ANTONIO
CABADA ARMADA, VICTOR
CAMINO SANTISO, JAVIER
CAMPOS DEUS, DAMIAN
CAMPOS DEUS, MATIAS
CARREIRA VIDAL, PEDRO
CASTIÑEIRAS RELLA, JORGE
CASTRO SAAVEDRA, JESUS
CASTRO SAAVEDRA, JORGE
CONDE SEOANE, JOSE
GARCIA CASTRO, CESAR
GARCIA LOPEZ, MANUEL
GARCIA LOPEZ, VICTOR
HERMIDA LOPEZ S, GONZALO
LOPEZ IGLESIAS, DIEGO
LOUZAN ARZUA, DIEGO A
MARTINEZ LODEIROS, JOSE A
MOSQUERA RENDO, RUBEN
NEO UZAL, ALEJANDRO
NOYA NOYA, JORGE
PENA VARELA, ALBERTO
SANTOS MARTIN, DANIEL
SENRA DIAZ, DANIEL A .

ADESTRADOR:
VIEITO VAZQUEZ, JOSE RAMON

DELEGADO:
RODRIGUEZ ROMERO, DAVID

Termpada complicada a do equipo sénior masculino despois de encadear o segundo descenso consecutivo de categoría (da Preferente Norte á 2ª Autonómica en 2 anos), e cun equipo e corpo técnico totalmente renovado.

Encadrados dentro do Grupo 5º da 2ª Autonómica e co mantemento de categoría como obxectivo principal, a seguinte proposta a conseguir sería a de configurar un equipo de futuro que puidera loitar por devolver á S.D. Villestro sénior á 1ª Autonómica nun prazo de tempo non curto. Con esta premisa, o novo adestrador, José Ramón Vieito, configurou un equipo baseado principalmente na xuventude, pero con pequenas doses de veteranía que o axudara a adaptarse rápido á 2ª Autonómica.

O proceso foi lento e laborioso. Confeccionouse un equipo moi novo pero cunha gran dose de ilusión e con moitas ganas de demostrar a súa valía. O traballo diario realizado non se plasmaba no terreo de xogo visto os resultados acadados na primeira volta da Liga, con alternancia de vitorias e derrotas que asentaban ao equipo na metade de táboa clasificatoria lonxe dos postos de cabeza e mirando de esguello os do descenso.

Sería na segunda volta cando ese traballo diario comezaría a dar os seus froitos e os resultados desexados comezaban a chegar. O equipo comezaba a escalar postos na clasificación, logrando una xeira de 10 xornadas consecutivas sen perder, con 7 vitorias seguidas. Case todos os equipos, que nestas segunda voltas estaban por riba na clasificación, foron derrotados. Non obstante, o final de liga fíxose moi costa arriba e non foron quen de chegar ao posto de cabeza se ben estivo moi preto deles.

Ao remate da competición o equipo sénior masculino acadaría un meritorio cuarto posto con 56 puntos: 17 partidos gañados, 5 empatados e 12 perdidos, deixando unha moi boa sensación na xente polo fútbol despregado. Parabéns a todos!.

XXIX COPA DEPUTACIÓN: Demasiado cedo!!

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
2ª Ronda	30-07-2017	19:00	PUEBLA C.F.	S.D. VILLESTRO	3 - 1

A XXIX Copa Deputación sería o punto de inicio para o equipo sénior masculino. Unha competición que se inicia en plena pretempada e na que os clubs pequenos chegan moi xustos de adestramentos ao primeiro encontro.

Nesta edición, a S.D. Villestro sénior masculino presentouse con moitas incertezas. Vén dun descenso de categoría, cun equipo totalmente renovado con moita xente nova e xove, coa plantilla a medio confeccionar, con adestrador novo e con moi poucos días de traballo para poder afrontar o primeiro encontro cunhas certas garantías de competitividade. Aínda así, o equipo desprazouse ata a Pobra do Caramiñal para enfrontarse ao equipo local na segunda rolda desta competición, na primeira quedou exento, con moita expectación de como respondería.

O resultado final sería de 3 goles a 1 favorable ao Puebla C.F., pero as sensacións que deixou o equipo foron moi boas a pesar de todos os condicionantes. Tratou de ti a ti a un equipo de 1ª Autonómica cunha gran plantilla confeccionada para tentar dar o salto de categoría, amosouse competitivo ata o final do encontro e deixou un moi bo sabor de boca de cara á afrontar o campionato de liga.

A pesar da pronta eliminación, a imaxe deixada neste primeiro encontro foi moi positiva.

51ª COPA DO SAR: Ilusión…,e decepción!!

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1ª Ronda (Ida)	12-10-2017	18:30	S.D. VILLESTRO	TORDOIA, C.F.	2 - 1
2ª Ronda (Ida)	01-11-2017	16:00	URDILDE S.D.	S.D. VILLESTRO	3 - 0

A 51ª Edición da Copa do Sar comezaría no mes de outubro coas roldas previas, en formato de partido único, na casa do equipo de menor categoría ou peor clasificado.

En primeira rolda a S.D. Villestro tivo como rival ao Tordoia C.F., equipo militante da 1ª Autonómica e que lograría vencer por 2 goles a 1 nun encontro moi disputado, cunha segunda parte excepcional por parte do equipo de José Ramón, que lograría darlle a volta ao marcador, e acurralar ao equipo visitante no seu campo, sen practicamente darlle opcións en ataque. Boas sensacións e pase de rolda.

A segunda eliminatoria, tamén a partido único, sería outro cantar. Nesta ocasión a S.D. Villestro sénior xogaría como visitante no campo da S.D. Urdilde, equipo da 2ª Autonómica, pero que no momento de pasar rolda estaba peor clasificado.

O partido non tivo cor xa que foi dominado practicamente dende o inicio pola S.D. Urdilde, e máis cando aos poucos minutos do comezo a S.D. Villestro quedaba con 10 xogadores por mor dunha expulsión. A isto sumóuselle a gran cantidade de baixas coas que se presentaron ao encontro, que mesmo lle impediron completar unha convocatoria completa, xa que no banco unicamente se dispuña de 3 posibles trocos . O resultado final, un claro 3-0 para os locais, apearon de maneira rápida ao equipo sénior da Copa do Sar sen ningún tipo de discusión.

Outro ano será!!

SÉNIOR FEMININO

LIGA: Subcampioas de Liga

Gran tempada das de Tino Arce cun subcampionato que lles permite optar ao ascenso

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	S.D. VILLESTRO	70	26	12	0	1	11	1	1	115	9	0

EQUIPO:
AMENEIRO MARTINEZ, NOA
ALVARELLOS RODRIGUEZ, AURORA
BERMUDEZ MARTINEZ, SALOME
BLANCO CASAIS, MARIA
CAMPOS ALLER, HELENA
COSTA NOYA, LAURA E
COUSO PEREZ, CARLA
COUTO ESPASANDIN, LUCIA
CREO RIAL, VANESSA
CUTRIN BRAÑA, JUDITH
DIAZ FERNANDEZ, PAULA
FERRO NUÑEZ, NOA
FUENTES OTERO, IRIA
IGLESIAS ARUFE, MARIA B
IGLESIAS PIÑEIRO, LUZ MARIA I
LLODO FRAGA, IRIA
LAMEGO PUENTE, DARIAN
LOPEZ SANCHEZ, LIDIA
MARTINEZ AGRELO, LIDIA
PARAJO PAZOS, RAQUEL
PEROL MEIJIDE, YOLANDA
PICALLO MARTINEZ, ROCIO
ROMAY HERRAN, IRIA
SANTAMARIA CRIADO, EVA
SIXTO CASTRO, LETICIA
TRIGO COBAS, CARMEN
UZAL DEL RIO, ÁNGELA
VAZQUEZ CARNEIRO, UXIA

ADESTRADOR:
ARCE FERNANDEZ, CONSTANTINO

DELEGADO:
LÓPEZ REY, JOSÉ MANUEL

Magnífica é o cualificativo que se pode acuñar á tempada realizada polo equipo Sénior feminino, despois de acadar o subcampionato de liga con tan só 2 derrotas colleitadas e 1 só empate, contando o resto dos encontros por vitorias.

A tempada comezaba con moita ilusión coa chegada ao Club de Tino Arce, todo unha institución no mundo dos bancos que dirixiu a múltiples equipos de base con grande importancia e calidade, así como tamén asumiu tarefas de seleccionador de Santiago e Galicia.

A Tino presentóuselle un equipo contaxiado de xogadoras moi novas, a meirande parte delas non superan a idade Cadete, pero que presentaban unha característica importante, a súa paixón polo fútbol.

O proxecto era de futuro coa idea de traballar coas rapazas e formalas de cara á que foran gañando confianza, experiencia e veteranía para, nun futuro, poder ascender de categoría.

O traballo de Tino, xunto coa axuda de Jose M. López, e o esforzo das xogadoras acelerou o proceso que se pretendía dende o Club, e os resultados comezaban a ser moi relevantes acompañados dun xogo moi vistoso. Os 5 primeiros encontros de liga gañados. Un empate e una derrota pola mínima ante os que eran os equipos máis fortes da competición. O que parecía que podía ser un punto de inflexión na traxectorias continuou con 9 vitorias consecutivas, logo una derrota inesperada e, o sprint final, con outras 9 vitorias seguidas nas que se derrotou ao líder e o ata entón 2º clasificado.

Ao remate da competición o equipo sénior feminino acadaría un meritorio segundo posto con 70 puntos (23 partidos gañados, 1 empatados e 2 perdidos), con 115 goles a favor e tan só 9 encaixados.

Gran tempada que lle outorgaría ao equipo dirixido por Tino Arce e José López o dereito a disputar a Fase de Ascenso a 1ª Autonómica Galicia.

II COPA DEPUTACIÓN: Un rival de demasiado nivel!!

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1ª Ronda	30-07-2017	19:00	E.F.M CONCELLO DE BOIRO	S.D. VILLESTRO	
8º	06-08-2017	19:00	S.D. VILLESTRO	VICTORIA F.C.	1 - 2

A II Copa Deputación daría o pistoletazo de saída á competición do equipo sénior feminino.

Despois de pasar rolda pola retirada da competición da E.F.M. Concello de Boiro tocaba, en Oitavos de Final, todo un equipo de 2ª División de fútbol Nacional como era o Victoria C.F. de Santiago.

O punto de partida era moi desigual. Un equipo moi novo, en formación e na categoría máis baixa, contra un equipo coas xogadoras escollidas e nunha categoría Nacional.

Non obstante as rapazas de Tino Arce agrandáronse e plantaron cara ao equipo santiagués xogándolle con descaro, facéndoo pasar apuros e deixando unha imaxe que sorprendía a moitos dos alí presentes.

O encontro rematou con derrota por 1 gol a 2 ante un equipo que acabaría a competición como Subcampión.

1ª COPA DO SAR: Caída en semifinais co rival máis duro

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º (Ida)	20-04-2018	21:30	S.D. TORDOIA	S.D. VILLESTRO	1 - 2
4º (Vuelta)	11-05-2018	22:00	S.D. VILLESTRO	S.D. TORDOIA	0 - 0
Semifinal (Ida)	17-05-2018	20:00	S.D. VILLESTRO	VICTORIA F.C.	0 - 0
Semifinal (Vuelta)	09-06-2018	16:30	VICTORIA F.C.	S.D. VILLESTRO	7 - 0

Nesta primeira edición da Copa do Sar o equipo Sénior feminino afrontaba uns duros emparellamentos fose cal fose o sorteo.

Este dirimiu que o primeiro encontro, cuartos de final, fora contra o Tordoia C.F., equipo que milita na 1ª Autonómica Galicia e que viña de competir e descender da 2ª División Nacional a tempada anterior. Aínda así, as rapazas de Tino Arce competiron contra un grande equipo logrando elimínalo despois de vencer na ida por 1 gol a 2, e empatar na volta a 0 goles.

O rival de semifinais, outro óso aínda máis duro, sería o Victoria C.F. da 2ª División Nacional. No primeiro encontro da eliminatoria, xogado en Villestro, as rapazas loitaron e miraron de ti a ti a un rival superior, pero non lograrían pasar do empate sen goles, o que poñía costa arriba a eliminatoria. O encontro de volta sería un paseo para o Victoria C.F. A pesar das tentativas das rapazas do Villestro e de presentárense ao encontro dispostas a pelexar até o último minuto, o equipo santiagués imporía a súa superioridade e bo facer de principio a fin e, pouco a pouco, foi minando as esperanzas das xogadoras da S.D. Villestro. A súa calidade e pegada á hora de finalizar as xogadas, axudadas por xogadoras que disputaron minutos na 2ª División Nacional, serían factores insuperábeis para o equipo feminino de Tino Arce, que remataría o encontro coa derrota máis avultada da tempada, 7-0.

Derrota que eliminaría ás rapazas da S.D. Villestro da 1ª Copa do Sar Feminina, ante o equipo que acabaría gañándoa, pero que serviría como preparación para afrontar a Fase de Ascenso que aínda estaban pendentes de disputar. Sen dúbida, unha boa pedra de toque para afrontala.

PROMOCIÓN DE ASCENSO A 1ª DIVISIÓN GALEGA

OBXECTIVO CUMPRIDO!!!

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
1	S.D. VILLESTRO	6	2	1	0	0	1	0	0	5	2	0

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	10-06-2018		Descansa	S.D. VILLESTRO	-
2	17-06-2018	17:00	S.D. VILLESTRO	ARCADIA E.F.	2 - 1
3	24-06-2018	20:00	C.F. DEPORTIVO ORZÁN	S.D. VILLESTRO	1 - 3

Comezaban a Fase de Ascenso a 1ª División Galega despois de quedar Subcampioas de Liga. Os rivais para a ocasión sería o Arcadia E.F., de Arcade (Pontevedra) e o Deportivo Orzán da Coruña.

A competición disputaríase en forma de liguiña a partido único. Feito o sorteo das xornadas a S.D. Villestro feminino tocaríalle descansar na primeira, feito que aproveitou o corpo técnico para "espiar" os rivais que se enfrontaban en Arcade.

Comezarían a Fase de Ascenso na 2ª xornada enfrontándose en Villestro ó Arcadia E.F. As rapazas lograrían a vitoria nun partido moi duro e físico, que se puxo difícil cando o rival, xa na segunda parte, se adiantou no marcador. O Arcadia E.F. amosábase fisicamente moi superior ás rapazas de Tino Arce, o que fixo que lles custase moito adaptarse ao partido formulado polo equipo pontevedrés. Con todo, a S.D. Villestro Feminino non deixou de loitar e, ao final, lograrían sobrepoñerse e remontar grazas aos 2 tantos de Paula que porían o definitivo 2-1 e lle daba os primeiros 3 puntos.

Importante e meritoria vitoria ante un bo rival que viña de gañar o seu primeiro partido da promoción. Este resultado facía que a posibilidade do ascenso estivese máis preto, xa que un simple empate servía na terceira e última xornada.

Chegaba o derradeiro partido o día de San Xoán e, o equipo de Tino Arce, desprazábase até o Campo da Torre da Coruña para enfrontarse ao C.F. Deportivo Orzán, cos nervios a flor de pel e coa presión que se ten neste tipo de encontros nos que se xoga o todo ou nada en 90 minutos.

Toda esa tensión e nervios calmaríanse ao pouco de comezar o encontro cun gol no minuto 5 de Eva Santamaría, o que axudaba a controlar a situación até que no minuto 44, Helena Campos, puña o 0 -2 no marcador. Gol importantísimo psicoloxicamente no último minuto da primeira metade que daba forzas ás rapazas de Tino e Jose, e deixaba tocadas ás do C.F. Deportivo Orzán.

A segunda metade sería controlada sen problema polas xogadoras da S.D. Villestro, quen lograrían aumentar a vantaxe, de novo, cun gol de Helena Campos. O encontro prolongaríase 10 minutos, logrando o equipo local o gol da honra no 99, pondo o definitivo 1-3.

Gran vitoria que poñía o colofón a unha magnífica tempada do equipo feminino co ASCENSO DE CATEGORÍA a 1ª Galega.

PARABÉNS A TODAS!!!

XUVENIL

LIGA: Xogaron con lume... ata queimarse!!

Mala tempada dun equipo que salvou a categoría pero descendeu a 2ª por arrastres

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
14	S.D. VILLESTRO	36	34	4	5	8	6	1	10	46	62	0

EQUIPO:
CHAPELA GARCIA, ANTON
DIAZ GONZALEZ, YONATHAN
FILGUEIRA FEAS, DAVID
LLOVO MATO, ALVARO
LUEIRO NOYA, JOSE MANUEL
LUGO VILARES, ADRIAN
MAHIA RODRIGUEZ, MANUEL
MARQUEZ MENDEZ, ADOLFO
MARTINEZ CASTRO, GONZALO
PAJARO LOSADA, ANXO
PARAFITA VIDAL, IVAN
PAZOS CONDE, SERGIO
PEREZ VIQUEIRA, PEDRO J
PIÑEIRO MANSILLA, IVAN
REY MATOS, ANTON
ROSAL OYOQUE, JOSE A
SANCHEZ CAJARAVILLE, MATEO
TABOADA BESADA, FIDEL
VAZQUEZ SAYANS, SANTIAGO
VIDAL LANDEIRA, ALVARO

ADESTRADOR:
ANTELO LISTE, JUAN CARLOS

DELEGADO:
SABUGUEIRO AVILES, DOMINGO A.

ADESTRADOR:
PAZOS CONDE, BORJA

As sensacións que se tiñan co equipo xuvenil da 1ª Autonómica eran, cando menos, esperanzadoras. Contábase cun bo grupo de rapaces e un bo corpo técnico co que se pensaba que se tiña garantida, cando menos, a permanencia de categoría dunha forma solvente, e que levaría a formularse, inicialmente, a posibilidade de loitar por entrar na Fase de Ascenso final á Liga Galega como premio para o esforzo do grupo.

O inicio de liga parecía que así o deixaba entrever. 4 vitorias, un empate e una derrota nos 6 primeiros encontros de liga. A calma parecía que podía asentarse no vestiario xuvenil ante un campionato que semellaba non ía carrexar grandes apuros para o cadro de Carlos Antelo.

Pero sería a partir da 7ª xornada cando o equipo xuvenil comezaría a súa particular singradura á deriva, con catro derrotas consecutivas, aliviada cunha vitoria. Logo volverían máis derrotas e algún empate.

As vitorias cotizaban demasiado caras e a imaxe do equipo, nalgún dos encontros, non era a máis apropiada.

Vendo a traxectoria que levaban había que soltar lastre, esquecerse de premios finais e loitar polo obxectivo inicial, manter a categoría.

No último terzo de liga o equipo tentouno cun arreón final tratando de fuxir deses postos de descenso. As 4 vitorias, 3 empates e outras tantas derrotas colleitadas nos últimos 10 encontros sumaron uns puntos que chegaron para quedar fóra dos postos de descenso directo, pero que non foron suficientes para esquivar os arrastres procedentes de Liga Galega, xa que os descenso do C.D. Conxo "B" e do C.D. Unión, que retornaron á 1ª Autonómica caendo neste grupo, condenaron ao grupo de Carlos Antelo á 2ª Autonómica.

Ao remate da Liga a S.D. Villestro xuvenil rematou no 14º posto con 36 puntos (10 encontros gañados, 6 empatados e 18 perdidos), 46 goles a favor e 62 en contra.

COPA CONCELLO DE SANTIAGO: Campións de Copa!!

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Semifinal (Ida)	26-05-2018	18:00	S.D. VILLESTRO	A.D. BURGO DAS NACIONS	4 - 2
Semifinal (Vuelta)	02-06-2018	18:00	A.D. BURGO DAS NACIONS	S.D. VILLESTRO	3 - 2
Final	09-06-2018	19:00	S.D. VILLESTRO	ATLETICO FATIMA	2 - 2

A Copa Concello de Santiago de categoría Xuvenil comezaría a finais do mes de maio unha vez rematada a competición de liga, con máis ben poucos equipo en competición.

A Copa comezaría para a S.D. Villestro xuvenil xa en semifinais, onde se enfrontaría á A.D. Burgo das Nacións, nunha eliminatoria a dobre volta. No primeiro encontro disputado na Barrosa o equipo de Juán Carlos Antelo lograría a vitoria por 4 goles a 2, o que o poñía en franca vantaxe. No encontro de volta a pesar de levar o control do mesmo durante a maior parte do tempo, xa que sempre foi por diante no marcador, acabarían con moitos apuros, debido a que o A.D. Burgo das Nacións logrou remontar o marcador e poñerse con 3-2 a falta de 15 minutos para rematar a eliminatoria, a un só gol da prórroga. Final intenso e de nervios no que o Xuvenil lograría manter a compostura e o resultado que lle daba o pase á Final.

Na Final agardaba o Atlético Fátima. Nervios lóxicos do momento que xeraban imprecisións nos primeiros compases por parte dos dous equipos. Lograría adiantarse o equipo do Castiñeiriño no minuto 24 da 1ª parte, vantaxe coa que chegarían ao descanso. Á volta dos vestiarios os rapaces de Juan Carlos Antelo deixarían os nervios dentro e saíron máis centrados, logrando darlle á volta ao marcador nos primeiros 20 minutos da 2ª parte, con goles de Antón e Gonzalo. Non lograría controlar o encontro de todo e, a falta de 10 minutos, o Atlético Fátima empataría de penalti. Co 2-2 remataría o encontro co que habería que ir ao punto de penalti para decidir o vencedor.

...E a fortuna caeu do lado do equipo xuvenil, que estivo máis acertado que o Atlético Fátima dende os 11 metros e logrou proclamarse Campión da Copa de Santiago.

Resaltar o gran detalle deportivo dos rapaces do Atlético Fátima que fixo o corredor de honra á S.D. Villestro no momento da entrega do Trofeo de Campión. Cortesía dun Club Señor e duns xogadores ben formados!!! Parabéns a eles tamén!!.

Gran final de tempada para o equipo xuvenil con este título. Tempada difícil..., dura!!!. Que este trofeo axude a aliviar as penas da Liga!!

Parabéns a todos!!!

CADETE "A"

LIGA: A regularidade por bandeira. Gran tempada!!

Magnifico terceiro posto do "Cadete "A" que lle permitiu disputar a Fase de Ascenso

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
3	S.D. VILLESTRO	77	34	12	2	3	12	3	2	139	32	0

EQUIPO:
ALONSO TRIANS, ANGEL
AMENEIRO REY, ADRIAN
ARAUJO FERNANDEZ, BLAS
ARES GARCIA, BRAIS
BEADE IGLESIAS, ISMAEL
BERNARDEZ FRESCO, MOISES
CARBAJO GARCIA, PABLO
CASTIÑEIRAS MERA, YAGO
LOPEZ AMENEIRO, OSCAR
MARTINEZ SUAREZ, IVAN
MORAN MARCOS, MAURO
PASIN LOPEZ, JESUS A
PIÑEIRO MARTINEZ, DAVID
VIQUEIRA PUGA, MANUEL

ADESTRADOR:
BOQUETE VIDAL, FELIPE

DELEGADO:
BOQUETE VIDAL, JESÚS ALFONSO

Só se pode cualificar como magnifica a tempada realizada polo equipo Cadete "A" da S.D. Villestro,, ás ordes do tándem dos irmáns Boquete Vidal, e Felipe e Jesús.

Co obxectivo inicial de salvar a categoría, comezaban o campionato coa incerteza de como respondería o equipo enmarcada na 1ª Autonómica Grupo 5º, pero coa certeza de que a salvación sería posible pero que ía costar.

Todo comezaba un 3 de setembro e, o resultado do primeiro encontro, non foi moi esperanzador, derrota avultada na casa, por 0-4, ante a E.F.M. Concello de Boiro. Non obstante, este primeiro revés semellou non afectar demasiado ao grupo, que se repuxo pronto do golpe, e logrou encadear una xeira de 8 encontros consecutivos sen perder, con 7 vitorias seguidas e tan só un empate. Despois dunha derrota, volvería outra xeira de 10 encontros consecutivos sumando puntos, o que facía que os rapaces dos irmáns Boquete Vidal se amarraran á parte alta da clasificación, vendo de preto a posibilidade de disputar a Fase de Ascenso e, porque non, chegar a optar ao título de Liga que, inicialmente, non entraba nos prognósticos.

O treito final do campionato foi apaixonante cun grupo de equipos loitando, de poder a poder, nunha diferenza de puntos mínima. Nese momento o equipo Cadete A mantivo o pulso e realizou un bo treito final de campionato. Nos últimos 13 encontros lograrían a vitoria en 9 deles, acadando 2 empates e outras 2 derrotas.

Ao final da competición de liga, o equipo Cadete "A" remataba nunha máis que meritoria e merecida 3ª posición, con 77 puntos conseguidos en 24 vitorias, 5 empates e outras 5 derrotas; logrando marcar 139 goles a favor e encaixar tan só 32.

A Fase de Ascenso á Liga Galega Cadete era un premio merecido para un equipo con un equipo tan curto como comprometida, que se sacrificou e traballou dende o primeiro adestramento até o último.

FASE DE ASCENSO Á LIGA GALEGA CADETE

Non puido ser!! O infortunio cebouse co Cadete "A"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	12-05-2018	19:00	S.D. RESIDENCIA "A"	S.D. VILLESTRO	1 - 0

Non puido ser!!. Outra vez…!!!, non pode ser!!!. E é que o gafe do Club coas Fases de Ascenso á Liga Galega sexa cal sexa a categoría continúa.

Nesta ocasión foi ó equipo Cadete "A" a quen lle tocou sufrila.

Nunha competición renovada, eliminatorias a un só partido en campo neutral, aos rapaces de Luis e Felipe Boquete tocaríalles como rival a S.D. Residencia "A" de Lugo.

O encontro semellaba igualado por iso dos nervios, tensión acumulada…, pero a mala sorte volveu caer do lado da S.D. Villestro cando a pouco de comezar o partido caía lesionado Pablo Carbajo, un dos piares fundamentais do equipo. A isto sumóuselle o gol da S.D. Residencia "A". O equipo quixo repoñerse e logrouno nesta primeira metade na que sería mellor co rival e na que tería varias ocasións de gol, mesmo cun disparo ao pau incluído.

Xa na segunda parte, o partido foi moi igualado, con poucas ocasións para os dous equipos, e co rival controlando mellor o tempo de xogo e tratando de conservar o seu resultado a favor.

Ao remate, derrota por 1-0 en Oitavos de Final da Fase de Ascenso á Liga Galega e sensación agridoce que para nada embaza a gran tempada realizada.

COPA CONCELLO DE SANTIAGO: Campións de Copa!!

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º (Ida)	15-05-2018	20:45	S.D. VILLESTRO	RACING SAN LORENZO	2 - 0
4º (Vuelta)	19-05-2018	16:00	RACING SAN LORENZO	S.D. VILLESTRO	0 - 5
Semifinal (Ida)	27-05-2018	09:45	C.D. CONXO "B"	S.D. VILLESTRO	2 - 6
Semifinal (Vuelta)	03-06-2018	11:30	S.D. VILLESTRO	C.D. CONXO "B"	0 - 2
Final	10-06-2018	11:00	S.D. VILLESTRO	AMIO S.D.	1 - 0

Nesta primeira edición da Copa de Santiago Cadete, o equipo de Felipe e Jesús partía como un dos claros aspirantes ao título e máis despois da eliminación na Fase de Ascenso á Liga Galega, onde o equipo se presentaba con ganas de resarcirse e facerse cun título.

Comezarían a competición do KO en cuartos de final enfrontándose ao Racing de San Lorenzo, ao que lograrían eliminar despois de vencer os dous encontros por 2-0 en Villestro, e 0-5 como visitante.

Xa en semifinais agardaa o C.D. Conxo "B". O partido de ida en Conxo saldaríase cun contundente 2-6 a prol da S.D. Villestro. O encontro de volta remataría cunha sorprendente derrota por 0-2, o que serviu para por en sobre aviso aos rapaces de Felipe e Jesús de que isto non ía ser un camiño de rosas. Con todo, pasaron á Final.

Alí agardaba o Amio S.D. para disputar o título…, e vaia se o disputou. O partido foi intenso e igualado. O gol de Pablo Carbajo no minuto 42 da 1ª metade sería suficiente para lograr un campionato que curaba as feridas da Fase de Ascenso á Liga Galega.

Gran detalle dos rapaces do Amio S.D. que fixeron o corredor de honra aos Cadetes no momento da entrega da Copa. O respecto no fútbol comeza por detalles como estes!! Parabéns tamén para eles.

Excelente tempada a do Cadete "A" .

CADETE "B"

LIGA: A formación e a diversión como santo e seña!!

Discreto traballo dun equipo que non foi quen de competir na meirande parte da Liga

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
11	VILLESTRO S.D.	15	22	1	0	10	4	0	7	33	81	0

EQUIPO:
BLANCO MATA, JORGE
CALVETE GARCIA, MANUEL
CRUZ MARTINEZ, MARIO
DIAZ GONZALEZ, JOSE F.
FERNANDEZ DE LA TORRE, DIEGO
FERNANDEZ ORTIZ, BENJAMIN
FERREIRO ABUIN, DANIEL
FONTENLA IGLESIAS, NAIM F.
GONZALEZ MUIÑO, ALEJANDRO
LOURIDO FERNANDEZ, MIGUEL
LUEIRO NOYA, ALBERTO
MARTINEZ ANTELO, BRAIS
MARTINEZ BLANCO, FEDERICO
MOSTEIRO BEIROA, ALEJANDRO
MOURIÑO SUAREZ, JOEL
MUÑIZ ALVAREZ, JULIO
NUÑEZ AMADO, ANTONIO
PEREZ SUEIRO, MANUEL
ROJO PEREZ, MANUEL A
SUAREZ PAN, ADRIAN
SUAREZ PEREIRO, ALEJANDRO
VARELA CASTRO, CESAR

ADESTRADOR:
EITOR CASAL, DIEGO

DELEGADO:
MOURELOS RODRÍGUEZ, JOSÉ ÁNGEL

Difícil tarefa a de Diego Eitor nun Cadete "B" ó que se lle exixía traballo de formación e surtía dalgún xogador ó Cadete "A" no momento que o precisara e se atopou cun equipo a medio facer, con rapaces novos, outros que era a súa primeira experiencia futbolística e moitos con unas condición técnicas e tácticas moi limitadas para a idade que presentaban.

Aínda así o adestrador non desvaneceu e traballou a reo para tentar formar un bloque que saíra a competir cada domingo, tarefa que semellaba moi complicada. E así foi.

Encadrado dentro do grupo 5º da 2ª Autonómica Cadete, a liga daba comezo a finais de setembro e o Cadete "B" encadeaba derrota tras derrotas. A primeira vitoria chegaría na 5ª xornada o que supuxo un respiro para uns rapaces que non decaían na súa ilusión. Volverían as derrotas, que foi a tónica xeral da competición con algún encontro gañado entre medias e así até o remate da competición no que encadearían outra xeira de 5 derrotas consecutivas.

Pero non hai que restarlle mérito a uns rapaces que sabían ó que se expuñan e a un adestrador que asumiu con total dedicación e profesionalidade a súa tarefa pese a que as condicións dos adestramentos nos eran ás mais axeitadas no que a número de asistentes se refire. Con todo e analizando os resultados de cada encontro, pódese ver como os rapaces de Diego Eitor foron quen de competir en boa parte deles, xa que a pesares das numerosas derrotas colleitadas os con marcadores non foron moi samplos, salvo contadas excepcións, o que amosa que os rapaces do Cadete "B" se tomaron en serio a competición e non foron de paseo os domingos polos campos de fútbol adiante.

Ó remate da competición, posto 15º para o Cadete "B" (penúltimo), con 15 puntos (5 partidos gañados e 17 perdidos, ningún empatado. 33 goles a favor e 81 en contra.

COPA DO SAR: Eliminación na Fase Previa

Apeados das eliminatorias ao non vencer ningún dos encontros

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	22-04-2018		Descansa	VILLESTRO S.D. "B"	-
2	05-05-2018	13:00	VILLESTRO S.D. "B"	DUBRA S.D.	0 - 2
3	06-05-2018	11:00	S.R. CALO	VILLESTRO S.D. "B"	5 - 0

O Cadete "B" entraría a participar na Edición da Copa do Sar. Faríao a través dunha liguiña previa a unah soa volta, na que tan só se clasificaba o primeiro de grupo, e que o enfrontaba á S.D. Dubra e á S.R. Calo.

Non houbo factor sorpresa posible e o equipo quedaría eliminado sen rodeos despois de perder os seus dous emparellamentos de forma clara 0-2 en Villestro, ante a S.D. Dubra, e 5-0 en Calo, rematando deste xeito de pechacancelas do grupo.

Punto e final a unha tempada difícil e dura, sobre todo para un corpo técnico que tivo que lidar con situacións complexas sen decaer no seu traballo e ilusión.

INFANTIL "A"

LIGA: Subcampións de Liga e obxectivo cumprido

A segunda posición supón o ascenso directo de categoría

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	S.D. VILLESTRO	73	28	12	1	1	12	0	2	134	24	0

EQUIPO:
ANTELO PAZO, PABLO
AREÑAS YUSTY, LUIS
BARREIRO OTERO, IAGO
BAUTISTA SANDOVAL, EMIL D
BUDIÑO ALLO, LUCAS
CARBALLAL PAMPIN, ANTON
GARCIA VAZQUEZ, HUGO
GONZALEZ CAAMAÑO, JORGE
LOPEZ FACHADO, IVAN
LOURIDO FERNANDEZ, ROBERTO
MONTERO SANTOS, DANIEL
OGANDO MIRAS, SAMUEL
PEREZ MARCOS, VICTOR
RIAL CARNOTA, MANUEL
RODRIGUEZ TEMBRAS, MANUEL
VARELA MARTINEZ, HUGO

ADESTRADOR:
FONTÁNS RODRÍGUEZ, ALBERTO

DELEGADO:
CARBALLAL LÓPEZ, ANDRÉS

Gran campionato de Liga o realizado polos rapaces que dirixiu, nesta ocasión, Alberto Fontáns "Choco", logrando cumprir con creces os obxectivos marcados, loitar polo ascenso da categoría.

Despois dun comezo algo dubitativo con 2 vitorias, 1 empate e 2 derrotas nos 5 primeiros encontros de liga, o equipo foi collendo confianza e realizou un resto de campionato que só pode definirse como excepcional, xa que dos 23 encontros que lles quedaban colleitaron 22 vitorias e 1 soa derrota, esta última no último encontro ante a E.D. Xuventude de Oroso "C". Xustamente esta derrota privounos no título de liga en beneficio deste último equipo, que foi quen de cantar o alirón da maneira máis saborosa posible, na súa casa, no último encontro, e superando ao líder do grupo que ata entón era a S.D. Villestro.

Remate da Liga e subcampionato para o Infantil "A" con 73 puntos (24 vitorias, 1 empate e 3 derrotas), 134 goles a favor e 24 en contra.

Non obstante, non hai mal que por ben non veña e, nunha competición no que só ascendía directo o primeiro clasificado, e os 4 seguintes promocionaban, ao equipo de "Choco" beneficioulle que a E.D. Xuventude de Oroso "C" fose un equipo filial que xa dispón de outro equipo na 1ª Autonómica, polo que non pode ascender e, ese privilexio, corre un posto para abaixo recaendo no Infantil "A" da S.D. Villestro.

Parabéns a todos pola gran tempada .

Gran traballo!!!

COPA DO SAR: Eliminados en semifinais

A E.D. Xuventude de Oroso "B" foi unha pedra demasiado dura

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
2ª Ronda	17-05-2018	12:00	S.D. VILLESTRO	C.D. CONXO "B"	5 - 0
8º	20-05-2018	12:00	DUBRA S.D.	S.D. VILLESTRO	2 - 2
4º	26-05-2018	10:30	U.D. BASTAVALES	S.D. VILLESTRO	1 - 3
Semifinal (Ida)	02-06-2018	09:30	S.D. VILLESTRO	E.D. X. OROSO "B"	1 - 2
Semifinal (Vuelta)	09-06-2018	11:00	E.D. X. OROSO "B"	S.D. VILLESTRO	7 - 1

Nesta ocasión o corpo técnico recomendou, á dirección deportiva do Club, inscribir ao Infantil "A" na Copa do Sar, en detrimento da Copa de Santiago, xa que podía ser un bo expositor para que os rapaces se preparasen de cara á tempada que vén, xa que se ían atopar con equipos que militan na 1ª Autonómica e, estes, serían unha boa pedra de toque para que os rapaces fosen apreciando as dificultades que lles agardan para o ano.
Nunha competición onde as primeira eliminatorias eran a partido único, en dezaseisavos de final tiveron que medirse ao C.D. Conxo"B" logrando pasar de rolda cun claro 5-0.

En oitavos de final agardaba a S.D. Dubra que no seu campo expuxo e propuxo un partido moi competitivo no que os rapaces de Choco souberon aguantar a presión. Remate do encontro con empate a 2 goles e pase de rolda por penaltis.

En cuartos tocaría a U.D. Bastavales, ao que lograrían apear da competición ao vencer, no seu campo por 1-3, e que lles permitía de novo pasar de rolda.

En semifinais comezaban os encontros a dobre partido e, alí, estaba esperando o "coco" da competición, a E.D. Xuventude de Oroso "B", rival duro que mestura xogadores da 1ª Autonómica Infantil con algúns que participa xa na Liga Galega. O primeiro encontro disputaríase en Villestro e, aínda que o Infantil "A" presentou batalla, rematarían perdendo por un axustado 1-2 que puña a eliminatoria costa arriba. No encontro de volta non houbo cor. O equipo dirixido por Choco e Andrés opuxo resistencia 10 minutos, tempo que tardou a E.D. Xuventude de Oroso "B" en marcar o primeiro tanto. De aí en diante, e case con precisión matemática, irían encaixando goles cada 10 minutos até rematar co definitivo 7-1.

Fin da competición e final de tempada para un equipo composto por rapaces de primeiro ano infantil e que cumpriron con creces as expectativas postas sobre eles. Lograron o ascenso de categoría e xa saben como compiten e como son os equipos que lles esperan na 1ª Autonómica.

Agora toca descansar, repoñer forzas no verán e coller enerxía co sol e coa praia para afrontar o novo curso con maior ilusión.

Parabéns a todos pola tempada!!!

INFANTIL "B"

LIGA: Tempada de formación

Temporada de transición no que se primaría a formación por riba dos resultados

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
9	S.D. VILLESTRO	23	24	4	1	7	3	1	8	59	104	0

EQUIPO:
ALONSO TRIANS, ALEJANDRO
BAUTIS FRANQUEIRA, CARLOS JACOBO
BOQUETE OTERO, ANXO
CAMINO MARTINEZ, ALVARO
CANTELAR CALVO, DANIEL
DOMINGUEZ LODEIRO, IVAN
FARIÑA MARTIN, NICOLAS
GONZALEZ DE DOMINGO, ADRIAN
GRILLE PAIS, PABLO
LOSADA IGLESIAS, LOIS
LUEIRO NOYA, ANGEL
MIGUEZ RODRIGUEZ, ANXO
MOSQUERA GONZALEZ, HUGO
RAMOS RIVAS, MANUEL ALEJANDRO
TORREIRA JALLAS, GONZALO
FERRO NUÑEZ, ANTIA
OTERO FUERTES, IRIA

ADESTRADOR:
CALVO MIGUEZ, DANIEL

DELEGADO:
GRILLE GARCIA, ALVARO

Despois da selección de xogadores realizada polo Infantil "A" para tentar acadar o obxectivo do ascenso, no Infantil "B" quedaron un grupo de rapaces nos que o obxectivo era que gozaran de minutos de xogos, e que co traballo de Daniel Calvo e Álvaro Grille fosen adquirindo os coñecementos e habilidades necesarias para poder dar o salto de categoría para o ano que vén. Traballo técnico que se antollaba complicado e minucioso que Dani e Álvaro souberon realizar.

Centrados nun traballo máis técnico que físico, comezaron unha liga que se supuña ía ser dura. Foi un campionato sen medias tintas. As derrotas eran avultadas, pero as vitorias conseguidas tamén. Cunha regularidade case estudada durante os 3 primeiros cuartos de campionato, o Infantil "B" sumaba puntos cada 3 derrotas que colleitaba. No último cuarto de liga lograrían dar un pequeno empuxón que lles permitiu puntuar en 4 dos últimos 8 partidos (3 vitorias e un empate) ata rematar a competición no 9º posto grazas ás 7 vitorias, 2 empates e 15 derrotas; logrando 59 goles pero encaixando 104.

Aínda así, bo traballo do corpo técnico!!!

COPA DO SAR: Eliminación en primeira rolda

Pouco puideron gozar do torneo do KO os rapaces de David Calvo que caeron en oitavos

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	12-05-2018	10:00	VICTORIA F.C. "B"	S.D. VILLESTRO "B"	4 - 3

Ao participar o Infantil "A" na Copa do Sar, o Infantil "B" entrou no sorteo da Copa de Santiago.
Non foi moi lonxe na competición do KO xa que na primeira eliminatoria de oitavos de final, a partido único, caía derrotado polo Victoria C.F. "B" por 4 goles a 3, quedando eliminado ás primeiras de cambio. O encontro foi igualado até os últimos minutos, pero os rapaces de Dani non foron quen de empatar o marcador que lles permitise, cando menos, ir á quenda de penaltis.

Esta derrota puxo o punto e final á tempada do Infantil "B". Agora toca descansar e asimilar as experiencias recibidas nesta tempada para afrontar a seguinte con máis gañas.

FERNANDO SEOANE ANTELO "SEOANE"

Un Club coma poucos

*Fernando, natural de Tapia, no concello veciño de Ames, comezaría a súa andaina deportiva na tempada 1993-94 nos alevíns da S.D. Villestro. O xogo, liderado e carisma no centro do campo fixo que a S.D. Compostela se fixase nel , recrutándoo para as súas filas cando xa era Cadete, e continuando alí a súa etapa formativa. Debutaría en **3ª División** coa S.D. Compostela "B" na tempada 2002-03, xogando unha promoción de Ascenso a 2ª "B". Na tempada seguinte, 2003-04, dá o salto ao primeiro equipo e debuta na 2ª División **"B"**. Na tempada 2004-05 pasa ás filas do Deportivo Alavés, onde xogaría no seu filial durante 2 cursos. Na tempada 2006-07 firma polo Burgos C.F. Na tempada 2007-08 vaise para o Ecija Balompié por 2 tempadas, xogando, na primeira delas, unha Fase de Ascenso a 2ª División. Na 2009-10 asina polo C.D. Lugo, disputando tamén unha Fase de Ascenso a 2ª División. Na seguinte tempada, 2010-11, dá o salto a **2ª División** da man do Club Gimnastic de Tarragona, "Nastic", onde permanece 2 cursos. Na tempada 2012-13 volve fichar polo C.D. Lugo, neste caso ,xa en 2ª División, club no que permaneceu nas últimas 5 tempadas.*

En poucos sitios se fixo e se fai tanto polos nenos e non tan nenos, a0s que lles gusta xogar ao fútbol coma no Villestro. Xente totalmente desinteresada que sempre están dispostos a botar unha man no que sexa.

A miña andaina, nisto do fútbol, comezaría aquí, no Villestro e a miña experiencia non puido ser mellor e máis enriquecedora. E iso que antes, as comodidades e os medios que hai agora, non existían.

Daquela o que xogaba no Villestro era porque de verdade lle gustaba este deporte. O campo era unha leira e cando chovía nin vos conto…!!!; a luz escasa ou ningunha; os balóns…, un par deles para todos; a auga quente nin chegaba; había que facer quendas para marcar o campo e poñer as redes o día de partido; mesmo ían buscar aos rapaces á casa e levalos se facía falta…, e así con outras moitas cousas máis.

Pero os valores que puiden aprender foron infinitos: Humildade, Sacrificio, Compañeirismo, Loita, Esforzo... Valores que me acompañaron na miña carreira ata o día de hoxe.

Por todo isto, MOITAS GRAZAS e ETERNAMENTE AGRADECIDO

Dende estas liñas gustaríame animar a toda esa xente desinteresada a seguir pasando todos estes traballos porque o labor que facedes é impagable.

Un abrazo forte para todos

Fernando Seoane

ALEVÍN "A"

EQUIPO:
ALONSO CANCELA, ALEJANDRO
ALONSO GONZALEZ, ANTON
FRAGA AGRAS, JUAN
FREIRE RAMOS, LOIS
GONZALEZ RODRIGUEZ, ADRIAN
MARTINEZ LANZA, MANUEL
PALACIOS AGRAFOJO, HUGO
SUAREZ PENA, HUGO
VILLA MARIÑO, SERGIO
OTERO FUERTES, LAURA

ADESTRADOR:
CONDE CASAIS, JORGE

LIGA: Unha Fase Previa esperanzadora

Boa Fase Regular da Liga que lles permitiu clasificarse para o Play-Off polo título

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	S.D. VILLESTRO	28	12	5	1	0	4	0	2	47	19	0

Boa tempada a do Alevín "A" na que o obxectivo formulado pola dirección deportiva non foi outro que comezar a preparar aos rapaces para a competición futura, pensando que para a tempada seguinte pasan á categoría infantil e, aí, as exixencias do Club son máis altas.

Da man de Jorge Conde, o Alevín "A" realizou un campionato ligueiro notable nun sistema de xogo no que só se disputaba 1 volta, e na que os 5 primeiros clasificados participarían no Play-Off polo título. A pesar dun comezo irregular (1 vitoria, 1 empate e 1 derrota nos 3 primeiros encontros), os últimos 9 encontros saldáronse con 8 vitorias e 1 soa derrota, o que lles permitiu rematar en 4ª posición con 28 puntos (9 partidos gañados, 1 empatado e 2 perdidos), 47 goles a favor e 19 en contra.

A participación no Play-Off estaba asegurada. O obxectivos estaban a cumprirse.

PLAY-OFF TÍTOLO: Demasiado salto de nivel

A participación no grupo dos mellores fíxoselles moi costa arriba

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
9	S.D. VILLESTRO	15	14	2	0	5	3	0	4	39	59	0

Ao Play-Off polo título sería outro cantar. Nun grupo no que se encadraban os 5 mellores equipos dos 3 grupos da 1ª Autonómica da delegación de Santiago, o salto de nivel ía ser considerable e había que estar á altura.

Os rapaces de Jorge Conde notaron e sufriron ese cambio de nivel da competición. A competitividade dos equipos era maior e as vitorias pagábanse caras. 3 derrotas claras nos tres primeiros encontros deixaban entrever o que lles esperaba durante o Play-Off. As posteriores 2 vitorias seguidas daban ás e esperanza aos rapaces do Alevín "A", pero non sería máis que un espellismo. A alternancia de máis derrotas que vitorias foi a tónica dominante durante o resto de competición.

Ó remate do Play-Off o Alevín "A" quedaría na 9º posición con 15 puntos, despois de 5 partidos gañados e 9 perdidos, sen ningún empate; 39 goles a favor e 59 en contra.

Fin da tempada oficial e bo traballo realizado por Jorge Conde. O Play-Off foi duro pero serviu para que os rapaces viran o que se van atopar a tempada que vén, competición!!!. Agora a descansar no verán para coller folgos de cara aos novos retos.

ALEVÍN "B"

LIGA: Unha moi boa tempada

Gran 5ª posición a acadada polos rapaces de Manuel Lueiro

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	S.D. VILLESTRO	39	20	6	0	4	7	0	3	47	31	0

EQUIPO:
COSTAS PONTES, HECTOR
COUSELO OTERO, RUSTAM
FREIRE RAMOS, DANIEL
GARABATO GONZALEZ, XABIER
GOMEZ CARDELLE, YAGO
MARTINEZ COUTO, BRAIS
PENA SUAREZ, BRAIS
PIGNOL GOMEZ, ETIEN
PROL DORAL, CARLOS
PROL DORAL, LUIS
PROL DORAL, MATEO
RICOY MENENDEZ, JESUS
RODRIGUEZ GARCIA, FERNANDO
RODRIGUEZ RONQUETE, ALEJANDRO
ROZAS VAZQUEZ, RUBEN
SANTAMARIA BLANCO, ALVARO
SEIJO MORIGOSA, IGNACIO

ADESTRADOR:
LUEIRO NOYA, JOSE MANUEL

Equipo Alevín "B" formado para que os rapaces, da man de Manuel Lueiro, dispuxeran de minutos de xogo para coller esa experiencia que require a competición.

Sen darlle importancia á clasificación nin aos resultados para non presionar aos rapaces, o adestrador foi traballando de forma calmada e sosegada co grupo que lle tocou, sen apuralos e con moito mimo.

Encadrados no Grupo 31º da 2ª Autonómica, dun inicio de liga bastante dubitativo (4 derrotas e 3 vitorias) pasou a colleitar 5 partidos consecutivos gañando. De aí ao final do campionato unha singradura na que o número de vitorias superarían ás derrotas.

Aínda que dende a dirección deportiva non se lle presta atención, a clasificación final fala do bo traballo realizado e do ben que o asimilaron os rapaces, xa que acadaron un máis que meritorio 5º posto grazas aos 39 puntos conseguidos, contabilizando 13 encontros vencidos e 7 empatados, sen ningún empate; 47 goles a favor e 31 en contra, quedaron a tan só 2 vitorias do Play-Off de ascenso.

Simplemente unha gran tempada a do Alevín "B".

Gran traballo dos rapaces e do adestrador!!.

ALEVÍN "C"

LIGA: Subcampións de Liga!!

Grata sorpresa a evolución do equipo de Cesareo Villar

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D.	46	18	8	0	1	7	1	1	83	18	0

Sorpresa agradable a que deu o Alevín "C", formado por rapaces todos eles de 1º ano e baixo a dirección de Cesareo Villar, co seu subcampionato de Liga.

Sabendo da calidade dos xogadores integrantes da plantel, viñan todos xuntos de realizar unha gran tempada na categoría benxamín no curso anterior, tratouse de que seguiran medrando paso a paso a través do xogo pero sen presións nin obxectivos deportivos.

Integrados no grupo 32º da 2ª Autonómica, comezaron o campionato con unha vitoria e unha derrota que a priori a todos lle parecía que sería a tónica xeral do torneo. Non obstante, a medida que pasaban as xornadas o que parecía unha sorpresa xa comezaba a ser habitual tras 12 vitorias consecutivas que os situaban líder do grupo. Pero a falta de 5 xornadas un empate e un partido perdido baixaríano do primeiro posto. As vitorias colleitadas nos 2 últimos encontros non foron suficientes para acadar o título ligueiro.

Remate da competición co 2º posto que lle outorgaron os 46 puntos conseguidos, despois de 15 partidos gañados, 1 empatado e 2 perdidos; con 83 goles a favor e 18 en contra.

Moi grata sorpresa o subcampionato de Liga do Alevín "C". Unha tempada de sobresaliente. Moi bo o traballo de Cesareo Villar cos rapaces, e moi boa a predisposición dos nenos ó traballo. A seguir por este camiño!!

EQUIPO:
ABOY RODRIGUEZ, ALEX
BERNARDEZ FRESCO, SAMUEL
CALATAYUD RIVERA, CESAR
CARBAJO GARCIA, ANXO
DORREGO NUÑEZ, ROI
GARCIA VAZQUEZ, DANIEL
GRANDE GOYANES, DIEGO
PASIN LOPEZ, SIMON
PAZOS CONDE, HUGO
PICON OTERO, PABLO
QUINTELA DURO, XAVIER
REY BLANCO, ANXO
VALVERDE ESTENS, TIAGO
WIRSCHING VARELA, OLIVER
RIVAS PAZOS, DANIELA

ADESTRADOR:
VILLAR BERMEJO, CESAREO

ALEVÍN "D"

LIGA: Foron a Cincenta do grupo

O ano difícil non fixo decaer o ánimo do grupo. Importante a súa participación.

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
10	VILLESTRO S.D.	1	18	0	0	9	0	1	8	20	127	0

EQUIPO:
ALVAREZ GOMEZ, IAGO
AMOSA PENAS, IVAN
BERMUDEZ BENITO, ALEJANDRO
DOMINGUEZ SOUTO, ANXO
LEIS PARADELA, JULIAN
MUÑIZ LADO, IAGO
QUINTANS CARREIRA, UXIO
RODRIGUEZ LAMAS, ANXO
RODRIGUEZ RONQUETE, DIEGO
SUAREZ ENJO, BRAIS
VAZQUEZ QUINTANS, MARCOS
VEIGA FETEIRA, ALEX
WIRSCHING VARELA, RAUL
FONTENLA IGLESIAS, DANIELA

ADESTRADOR:
VIDAL LANDEIRA, BRAIS

A cincenta da categoría veu ser o Alevín "D", formado por rapaces e rapazas de primeiro ano de categoría. O traballo do seu adestrador, Brais Vidal, debía centrarse en formalos, que gozaran do fútbol e distribuír os minutos de xogo entre todos/as para que foran adaptándose pouco a pouco á nova categoría de cara á tempada seguinte.

A inexperiencia do equipo deixouse notar nunha competición que se xogou a tres voltas rematando, esta, na última posición, décimo, con tan só 1 punto conseguido (0 vitorias, 1 empate e 17 derrotas).

Con todo, nada se lles pode obxectar a este grupo de nenos e nenas xa que o seu compromiso foi total (algúns de maior idade deberían aprender!!) xa que a pesar das amplas derrotas recibidas en boa parte dos encontros, a súa asistencia aos adestramentos foi exemplar de principio a fin, ao igual que o interese e traballo neles. De seguro que o traballo e carácter de Brais Vidal algo tivo que ver...

Os bos resultados acádanse con traballo e aos rapaces e rapazas do Alevín "D" saben, queren e gústalles traballar... A base está feita, agora só toca ter paciencia e agardar que, de seguro, chegarán.

Fin da tempada. Toca descansar e coller folgos co sol do verán para o curso que vén.

BENXAMÍN "A"

EQUIPO:
BAUTIS FRANQUEIRA, MARTIN
CARBALLAL PAMPIN, MARTIN
DE L ATORRE GONZALEZ, IAGO
GARCIA VILLARES, SERGIO
PAMPIN LOPEZ, ANXO MANUEL
PEREIRA FERNANDEZ, ANXO
ROZAS VAZQUEZ, YAGO
SANCHEZ CARBALLAL, ANXO
VARELA PALACIOS, PEDRO
VIDAL VIQUEIRA, ALBERTO

ADESTRADOR:
OUTEIRO SUÁREZ, MARÍA VICENTA

DELEGADO:
NOYA CONDE, JOSÉ MANUEL

LIGA: Non foi como se agardaba

Unha mala fase de grupo abocouno a loitar por salvar a categoría

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
9	S.D. VILLESTRO	6	10	1	0	4	1	0	4	31	53	0

Como en todo equipo "A" que se englobe nun Club, as exixencias son maiores e o traballo é un pouco máis intenso de cara á extraer o maior rendemento do xogador/a. Tendo en conta que son nenos benxamíns o obxectivo do Club pasaba pola exixencia e a formación dende a diversión, que os rapaces/zas do Benxamín "A" deran un paso adiante na súa evolución.

O comezo da liga, que se xogaría a unha soa volta, foi esperanzado acadando 2 vitorias consecutivas e de forma contundente. Pero non sería máis que un espellismo xa que o equipo de Vicen Outeiro non logrou ningún triunfo máis no resto de fase, encadeando unha racha negativa de 8 derrotas consecutivas. Que se perderan os encontros carece de importancia se se ten en conta que en boa parte delas foron de goleada. O equipo non se amosou competitivo e así era difícil ter opcións.

Rematada a Liga regular na 1ª Autonómica, o Benxamín "A" quedaría na antepenúltima posición (9º) con 6 puntos despois de 2 encontros gañados e 8 perdidos, sen empates; 31 goles a favor e 51 en contra. Isto abocouno a disputar un Play-Off de descenso para evitar, precisamente, a perda da categoría.

PLAY-OFF DESCENSO: Todo controlado…!!

Na loita por eludir o descenso lograron salvar a situación

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	S.D. VILLESTRO	29	16	5	0	3	4	2	2	67	42	0

A mala traxectoria da Liga condenou ao Benxamín "A" a loitar pola salvación nunha fase de descenso na que xuntaban o 5 equipos que pechaban a clasificación nos 2 grupos da 1ª Autonómica. Os 3 últimos clasificados perderían a categoría.

De novo, o equipo de Vicen Outeiro comezaría con bo pé grazas ás 2 vitorias e 1 empate, pero 2 derrotas seguidas prendían as alarmas. O equipo non se veu abaixo e remontaría o voo acadando 5 vitorias consecutivas, que o situaban na zona alta da táboa. O treito final do Play-Off faríaselle máis costa arriba con 3 derrotas, 1 empate e 2 vitorias. A boa singradura realizada ata pasado a metade do Play-Off de descenso serviu para eludir definitivamente estes postos, ocupando o Benxamín "A" a 4ª posición con 29 puntos despois de 9 encontros gañados, 2 empatados e 5 perdidos, 67 goles a favor e 42 en contra.

Ano difícill pero ao remate se logrou reconducir a situación.

BENXAMÍN "B"

EQUIPO:
CASTRO BUENO, PABLO
GOMEZ TORREIRA, ANXO
HERNANDEZ CAAMAÑO, IAGO
MAIA BARBOSA, JOAO VITOR
MENDEZ IGLESIAS, GABRIEL
NOYA PLATAS, DAVID
PATO VILLAR, HUGO
PITA RODIL, JULIO
RAMIREZ PORTO, IKER
RAMOS RIVAS, MIGUEL A.
RODRIGUES ABATTI, KAYQUE
SEOANE GONZALEZ, DIEGO
SEONAE MIGUEZ, ALEJANDRO
VARELA PARDO, ANGEL
AMOSA PENAS, XIANA

ADESTRADOR:
BOQUETE PANZUELA, LUIS MIGUEL

LIGA: Un bo ano para empezar

Primeira experiencia na categoría que lles serve para madurar

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
12	S.D. VILLESTRO	21	18	5	0	4	2	0	7	58	66	0

Encadrados dentro do grupo 31 da 2ª Autonómica, o traballo de Luís M. Boquete como adestrador do Benxamín "B" teríase que centrar en que os rapaces gozaran de minutos e foran adquirindo experiencia de cara ao futuro.

Con un grupo poboado de equipos, 19 entraban en competición, comezaban cedo o seu campionato particular alá polo 23 de setembro. A adaptación dos rapaces/zas á Liga foi complicada visto o visto na primeira volta na que só gañaron o primeiro encontro e perderían os 7 seguintes. Lonxe de que os ánimos decaeran o traballo semanal non cesaba e na segunda volta os resultados positivos comezaron a chegar. 3 partidos gañados de maneira consecutiva e alternacia de vitorias e derrotas até o remate do campionato.

A gran segunda volta realizada elevou ó equipo ata a posición 12ª con 21 puntos sumados en 7 partidos gañados, ningún empate e 11 derrotas; 58 goles marcados e 66 encaixados.

FASE DE CONSOLACIÓN LIGA: Para seguir gozando

Primeira experiencia na categoría que lles serve para madurar

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	S.D. VILLESTRO	5	5	0	0	2	1	2	0	12	14	0

Posteriormente realizaríase unha reorganización de grupos e os equipos que non se clasificaron para disputar a Fase de Ascenso xogaban unha segunda fase sen máis aliciente que o de prolongar a tempada e que os rapaces/zas puideran seguir gozando e xogando un pouco máis ao fútbol.

Neste novo grupo a actuación dos rapaces/as de Luís M. Panzuela foi máis que discreta rematando na 4ª posición, de cinco equipos que a conformaban, con 5 puntos despois de gañar tan só un partido, empatar 2 e perder outros 2, marcando 12 goles e encaixando 14.

Finalizaba a tempada, a nota que se lle pode outorgar ó Benxamín "B" sería dun ben, tendo en conta a evolución experimentada ó longo do curso.

Felicidades a todos/as polo esforzo!!

PREBENXAMÍN "A"

LIGA FASE REGULAR: Campión de Grupo

A Fase Regular foi un paseo triunfal para o Prebenxamín "A"

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
1	S.D. VILLESTRO	51	17	7	0	0	10	0	0	157	9	0

EQUIPO:
BAO NOVAS, IZAN
BASANTE MEIJIDE, SAUL
BATOVAZ CAMPOS, MARCO ANTONIO
CALVO BOQUETE, DARIO
FORJAN COSTOYA, MARTIN
GARCIA AGRAFOJO, ARON
GONZALEZ-ABRALDES BARRADA, ALBERTO
GUERRA SAAVEDRA, UXIO
LORENZO LOPEZ, BRUNO
MOSQUERA SEOANE, BRAIS
PEREZ BLANCO, IAGO
SANTAMARIA BLANCO, RODRIGO

ADESTRADOR:
CALVO CAAMAÑO, DAVID

DELEGADO:
GUERRA CALVO, JUAN

De matrícula de honra se pode cualificar a traxectoria ligueira do Prebenxamín "A", que se proclamou campión da primeira Fase da Liga, con autoridade, despois de vencer en todos os encontros disputados, rematando con 51 puntos logo de 17 vitorias sen empates nin derrotas, 157 goles a favor e tan só 19 en contra.

A calidade do grupo, así como o tempo que levan xogando xuntos a pesar da súa corta idade dende a categoría biberón, fixéronse notar .

Campións sen discusión o que permitía pasar ao equipo de David Calvo á 2ª Fase da Liga, onde os mellores equipos loitarían polo título de Liga.

LIGA: Campións de Liga

Na Fase definitiva, o Prebenxamín "A" acadaría o título de liga de forma apabullante

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
1	S.D. VILLESTRO	21	7	3	0	0	4	0	0	49	3	0

Nesta segunda fase, os rapaces de David Calvo e Juan Guerra competirían por acadar o título de Liga, xunto co resto de equipos clasificados nos postos altos dos 2 grupo que conformaban a 1ª Autonómica Prebenxamín. Había incerteza para ver como responderían cara a cara cos mellores.

A competición resultaría outro paseo de gloria para o Prebenxamín "A" volvendo a impoñerse con gran solvencia en todos os encontros, o que os levou a proclamarse Campións de Liga, e optar a participar na fase polo título Autonómico.

Excelente o traballo deste grupo!!

FASE PROVINCIAL NORTE: Coa cabeza alta

Na loita polo título provincial as forzas igualáronse non logrando pasar á Final

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
3	S.D. VILLESTRO	3	3	1	0	0	0	0	2	12	6	0

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	19-05-2018	10:30	VICTORIA C.F. "A"	S.D. VILLESTRO	3 - 1
2	19-05-2018	11:40	S.D. VILLESTRO	S.D. NEGREIRA	10 - 1
3	19-05-2018	12:50	E.D. LUIS CALVO SANZ "A"	S.D. VILLESTRO	2 - 1

O título de liga deu a clasificación directa para disputar o campionato galego da categoría polo que, no mes de maio, o equipo Prebenxamín "A" acudía á Fase Intermedia Prebenxamín Grupo Norte para o Campionato Galego, que se disputaba nunha xornada matutina no Concello de Negreira, no García Calvo.

Na xornada de mañá disputaríase unha liguiña a unha soa volta entre 4 equipos. O cadro da S.D. Villestro Prebenxamín "A" estaría formado pola S.D. Negreira, o Victoria C.F. "A" de A Coruña e o E.D. Luis Calvo Sanz "A" de Carballo.

Duros competidores que impediron o pase ao Play-Off polo título do equipo de David e Juan, que competiron e plantaron batalla en cada partido, rematando a fase previa no 3º posto con tan só 3 puntos (1 vitoria e 2 derrotas), 12 goles a favor e 6 en contra, quedando fóra da loita directa polo título.

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	19-05-2018	17:00	S.D. VILLESTRO	CORDEIRO C.F.	4 - 1

A xornada da Fase Intermedia Prebenxamín remataría pola tarde, na que deberían xogar polo 5º e 6º posto. O rival deste encontro sería o Cordeiro C.F. ao que lograría derrotar por 4 goles a 1 quedando, deste xeito, o Prebenxamín "A" como 5º clasificado desta Fase Intermedia Grupo Norte do Campionato Galego.

Punto e final a unha tempada tan intensa como satisfactoria. Sobresaliente a todos, xogadores e técnicos.

PREBENXAMÍN "B"

LIGA FASE REGULAR: Un ano para aprender

A Fase Regular fíxose dura se ben a evolución do grupo foi de menos a máis

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
13	S.D. VILLESTRO	13	17	1	1	7	3	0	5	35	87	0

EQUIPO:
ARCEO TOURIS, LUA
BARRIO KYKER, LIAM
GENDRA SANCHEZ, DIEGO
LOPEZ BARCALA, JULEM
LOPEZ VILARIÑO, BRAIS
MARTINEZ COUTO, PABLO
MARTINEZ GONZALEZ, MANUEL
MAYO ROMARIS, LOIS
MIRAS GOMEZ, BRAIS
RODRIGUEZ-TRELLES FREIRE, MAURO
ROMARIS FERNANDEZ, FERNANDO
SAMPAYO VARELA, MATEO
VAZQUEZ GARCIA, XOEL

ADESTRADOR:
LIMENS MOSQUERA, DAVID

DELEGADO:

Unha boa experiencia a primeira toma de contacto do equipo Prebenxamín "B" en fútbol-8, composto por rapaces de primeiro ano que competían contra equipos máis experimentados e con rapaces un ano maiores ca eles.

Experiencias novas como adestramentos semanais en campo, fosen cales fosen as condicións meteorolóxicas, encontros a fin de semana, unha liga máis longa..., detalles que os rapaces tiñan que comezar a asimilar xunto con aspectos máis técnicos, baixo a dirección de David e Marcos Liméns, adestradores dun grupo sen experiencia pero que presenta unha boa base sobre a que traballar.

Encadrados dentro do mesmo grupo que os seus compañeiros do Prebenxamín "A" a adaptación á Liga ía ser máis complicada, tal e como se supoñía. Custoulles coller o pulso a competición pero o equipo amosou unha evolución moi clara na súa singradura. Na primeira metade do campionato lograrían gañar 3 partidos e empatar 1, pero as derrotas eran moi avultadas. Non obstante, na segunda metade do torneo aínda que só lograron 1 triunfo os encontros perdidos foron máis competidos, as derrotas eran menos avultadas, o que fala ben do traballo do corpo técnico e da aprendizaxe do grupo.

Ao remate da competición, 13ª posición para o Prebenxamín "B" con 13 puntos, 4 partidos gañados e 1 empatado e 12 perdidos, con 35 goles a favor e 87 en contra.

LIGA FASE DE CONSOLACIÓN: Un bo final que dá folgos

Con equipos do seu mesmo nivel o Prebanxamín "B" deu un paso adiante no xogo

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	S.D. VILLESTRO	9	4	1	0	1	2	0	0	14	6	0

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	07-04-2018	11:00	C.F. VISTA ALEGRE	S.D. VILLESTRO "B"	1 - 3
2	14-04-2018		S.D. VILLESTRO "B"	Descansa	-
3	21-04-2018	16:30	S.D. VILLESTRO "B"	VICTORIA F.C.	1 - 3
4	28-04-2018	10:00	ESCUELA DEPORTIVA XUVENTUDE OROSO "B"	S.D. VILLESTRO "B"	1 - 3
5	05-05-2018	19:30	S.D. VILLESTRO "B"	SAN PEDRO F.C.	7 - 1

Na Fase de consolidación, o Prebenxamín "B" quedaría enmarcado no grupo A e, nesta parte da competición, púidose apreciar a grande evolución experimentada polos rapaces de David e Marcos Liméns, nada que ver coa anterior. Disputarían 4 encontros dos que lograrían vencer en 3 e perderon 1, rematando esta liguiña na 2ª posición con 9 puntos, 14 goles a favor e 6 en contra.

Remate do curso e boas sensacións dun Prebenxamín "B" que presenta xogadores de raza, con carisma e con moitas gañas de fútbol. Sen dúbida, pode haber unha boa xeración.

Parabéns ao corpo técnico polo traballo e paciencia. Toca gozar cos torneos de verán, outra boa alternativa para coller rodaxe e gañar máis experiencia.

BIBERÓN

EQUIPO:
BLANCO LAGO, ALVARO
HERNANDEZ CAAMAÑO, UNAI
IGLESIAS COSTOYA, HUGO
LALIN LALIIN, DANIEL
MARTIN RODRIGUEZ, RAFAEL
MIGUEZ ESPIÑEIRA, JUAN
MOSQUERA RIOS, ALVARO
OVIEDO PEREZ, MARTIN
REGUEIRO OTERO, DAVID
REY BARREIRO, PABLO
RODRIGUEZ SANDE, MARCOS
SANCHEZ NIETO, ALEIXO
SIEIRA DOSIL, XABIER
VARELA RODRIGUEZ, ROQUE
VAZQUEZ GARCIA, OLIVER
VILLAVERDE FANDIÑO, XOEL

ADESTRADOR:
VILLAR BERMEJO, CESAREO

LIGA: Unha nova experiencia isto do fútbol-8!!

A primeira Fase da Liga deulles opción a disputar o título nun Play-Off

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	S.D. VILLESTRO	0	6	2	0	1	2	0	1	39	12	0

O Biberón de fútbol-8 comezou a súa andaina na modalidade de campo da mellor maneira.

Da man de Cesáreo Bermejo os máis pequerrechos realizarían unha primeira fase da Liga marabillosa gañando 6 dos 8 partidos disputados, e perdendo pola mínima tan só 2 deles.

PLAY-OFF LIGA: Punto e final á competición

Non lograron entrar na Final pero realizaron unha magnífica rolda eliminatoria

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Semifinal	27-05-2018	10:00	ATLETICO FATIMA	S.D. VILLESTRO	3 - 1
	27-05-2018	12:30	S.D. VILLESTRO	BERTAMIRANS C.F.	3 - 2

A boa traxectoria permitiulles o paso a disputar o Play-Off polo título xogando unha liguiña xunto co Bertamiráns C.F. e o Atl. Fátima. O primeiro encontro contra os rapaces do Castiñeiriño perderíano por 3 goles a 1, mentres que no segundo encontro vencerían ao Bertamiráns por 3-2. A diferenza de goles non permitiu cantar o alirón no ano do seu estreo ao equipo Biberón da S.D. Villestro, pero iso é o de menos. O máis importante é o que gozaron estes rapaces na súa primeira experiencia no fútbol campo.

Parabéns a todos e a seguir así!!

FÚTBOL SALA SÉNIOR FEMININO "A"- CORRECAMINOS

EQUIPO:
ALONSO PAZ, BARBARA
BARBEITO DE LA ROCHA, MARTA
CANDAL IGLESIAS, ELENA
CARRACEDO DEL RIO, CRISTINA
COBAS SEOANE, CECILIA
DURAN TURNES, NATALIA
LEIS URIZ, ANA
OUTEIRO SUAREZ, VICENTA M .
SANCHEZ CUADRA, ITZIAR
TOJO CASTRO, MARTA

ADESTRADOR:
FELPETE OURO, DIEGO

LIGA: Unha clasificación moi digna

Un equipo sen ningún tipo de presión que se divirte co fútbol

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	VILLESTRO S.D. CORRECAMINOS	34	22	5	0	6	6	1	4	51	55	0

Cando a preferencia é a práctica do deporte que amas sen máis aliciente que gozar del, non hai nada que obxectarlle a este grupo de rapazas curtidas en mil e unha batallas no deporte rei.

É absurdo facer unha valoración dun equipo cando o único que se lles pide é que gocen deste deporte e se pode ser, que deixen en boa posición a imaxe do Club. Tendo en conta estas premisas só se pode cualificar como boa a tempada realizada pola S.D. Villestro "A" Correcaminos, que foi crecendo como equipo e mellorando no seu xogo a medida que ía pasando a competición. Finalmente acabaron o campionato... Sen a presión doutros equipos por gañar, estar arriba ou demostrar..., só co único obxectivo de divertirse e gozar da competición, este grupo de rapazas realizaron un campionato de Liga notable, finalizando a competición nunha máis que meritoria 5ª posición con 34 puntos acadados grazas aos 11 encontros gañados, 1 empatado e 10 perdidos, con 51 goles a favor e 55 en contra.

COPA: Un visto e non visto

Non lograron superar a primeira fase do torneo do KO

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	11:00	FUTBOL SALA RODIÑO	VILLESTRO S.D. CORRECAMINOS	3 - 2

Da competición de Copa apenas puideron gozar as rapazas sénior "A" do Correcaminos.
O primeiro encontro dos Play-Off, en cuartos de final, enfrontábaas ao Fútbol Sala Rodiño, a un só partido.
Peor non podía pintar a cousa xa que se medían a un dos equipos máis fortes do grupo e que aspiraba a acadar tanto o título de Liga, como así sería, como o de Copa. As rapazas do Correcaminos competiron a gran nivel e plantaron cara pero non puideron evitar a derrota por 3 goles a 2, quedando deste xeito eliminadas demasiado cedo e tiveron que coller vacacións anticipadas.
Esta eliminación poñía o punto e final a unha tempada da que unicamente se agardaba que gozaran do que máis lles gusta facer, xogar ao fútbol.

FÚTBOL SALA SÉNIOR FEMININO “B”

LIGA: Terceiro posto que sabe a pouco

Tres derrotas a pouco de rematar a liga condenaron ao equipo de Tino Arce

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
3	VILLESTRO S.D.	50	22	9	1	1	7	1	3	95	40	0

Magnífica tempada realizada na competición de liga polo equipo “B” feminino formado por rapazas moi novas (a meirande pare delas en idade cadete) integrantes tamén do equipo de fútbol sénior.

EQUIPO:

ALVARELLOS RODRIGUEZ, AURORA
AMENEIRO MARTINEZ, NOA
CAMPOS ALLER, HELENA
DIAZ FERNAN, PAULA
IGLESIAS ARUFE, MARIA BELEN
VAZQUEZ CARNEIRO, UXIA
PARAJO PAZOS, RAQUEL
PICALLO MARTINEZ, ROCIO
ROMAY HERRAN, IRIA
SANTAMARIA CRIADO, EVA
UZAL DEL RIO, ANGELA

ADESTRADOR:

ARCE FERNANDEZ, CONSTANTINO

Non querían quedar atrás, ao igual que as compañeiras do Villestro Correcaminos e quixeron entrar en competición…, por se o fútbol campo se lles quedaba curto nas súas ambicións de gozar deste deporte.

As rapazas dirixidas por Tino Arce fixeron valer a súa calidade no campionato de sala e pronto se amarraron ao alto da clasificación vencendo, de forma consecutiva, os 8 primeiros encontros. Logo dunha derrota, seguirían a sumar vitorias e empates até o último terzo de Liga, onde 3 derrotas consecutivas despegábanas definitivamente da loita polo título.

O empuxe final non foi suficiente para recuperar o liderado.

Ao remate da competición, o equipo Feminino “B” da S.D. Villestro acadaría un fantástico 3º posto con 50 puntos (16 vitorias, 2 empates e 4 derrotas) e 95 goles a favor e 40 en contra.

COPA: Campioas de Copa

Tres derrotas a pouco de rematar a liga condenaron ao equipo de Tino Arce

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	13:00	U.D. A ESTRADA F.S. "A"	VILLESTRO S.D. "B"	0 - 8
Semifinal	07-04-2018	19:00	MILLADOIRO S.D.	VILLESTRO S.D. "B"	2 - 4
Final	08-04-2018	13:00	FUTBOL SALA RODIÑO	VILLESTRO S.D. "B"	2 - 4

A competición de Copa, de fútbol sala, resultou inmaculada para o equipo feminino "B" logrando proclamarse Campión do torneo nesta edición.

Baixo a modalidade de Play-Off a partido único, en cuartos de final lograrían eliminar ó U.D. A Estrada F.S. "A" por un contundente 0-8. Na semifinal agardaba o Milladoiro S.D. E, esta, foi máis disputada logrando de novo a vitoria que as poñían na final. Alí estaba esperando o F.S. Rodiño, equipo que eliminara á S.D. Villestro "A"-Correcamiños en cuartos de final. Como final que era, esta foi moi intensa e disputada, se ben as rapazas de Tino sempre foron por diante no marcador até rematar co 2-4 final co que se proclamaban campioas de Copa.

Gran ano para o equipo Feminino "B" de sala. Agora toca descansar e gozar das vacacións para repoñer forzas de cara á tempada que vén.

SUPERCOPA: Campionísimas!!!

Na competición que enfrontaba aos campións de Liga e Copa impuxeron a súa calidade

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Final	10-06-2018	19:05	FUTBOL SALA RODIÑO	VILLESTRO S.D. "B"	0 - 4

O domingo 10 de xuño a competición de fútbol sala poñía punto e final coa disputa da Supercopa, na que participaba o F.S. Rodiño, como vixente Campión de Liga, e a S.D. Villestro "B" como actual Campión de Copa.

O equipo dirixido por Tino Arce deu boa conta do F.S. Rodiño dende o comezo do encontro, logrando perforar a portería visitante nos minutos 5 e 9 con dobrete de Paula Díaz, e co que se chegaría ao descanso.

Na reanudación continuaría o dominio da S.D. Villestro "B" logrando o 3-0 de Helena Campos, no minuto 3, e dando a puntilla definitiva Aurora Alvarellos, no minuto 11, chegado ao remate da Final da Supercopa co definitivo 0-4.

Partidazo o realizado polas rapazas de Tino Arce ante un gran rival.

Excelente final de competición o realizado pola S.D. Villestro "B" Feminina, que recibirían, ese mesmo día, máis copas de Campioas de Copa e Supercopa. Parabéns equipo polo dobrete!!.

CADETE FÚTBOL SALA

LIGA: Un complemento ideal para mellorar

Discreto traballo dun equipo que non foi quen de competir na meirande parte da Liga

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
8	VILLESTRO S.D.	13	18	2	1	6	2	0	7	40	80	0

EQUIPO:
APPONTE CESPEDES, HERNAN EZEQUIEL
DIAZ GONZALEZ, JOSE F.
GONZALEZ MUIÑO, ALEJANDRO
LOURIDO FERNANDEZ, MIGUEL
LUEIRO NOYA, ALBERTO
MARTINEZ BLANCO, FEDERICO
MOURIÑO SUAREZ, JOEL
MUÑIZ ALVAREZ, JULIO
SUAREZ PEREIRO, ALEJANDRO
VARELA CASTRO, CESAR
LOURIDO FERNANDEZ, ROBERTO

ADESTRADOR:
RODRÍGUEZ ROMERO, DAVID

Non é habitual no Club facer equipos de fútbol sala en categorías tan elevadas, xa que esta modalidade tómase como formativa para os máis pequenos, pero coa categoría cadete fíxose una excepción coa idea de axudar aos rapaces a coller experiencia, xa que algún era a primeira vez que xogaban ao fútbol a nivel competitivo, mellorar aspectos tácticos e técnicos e acumular minutos que lles axudasen a gañar experiencia.

As vitorias, en fútbol sala, son caras como puido comprobar o equipo cadete, e máis nesta categoría. Ao remate da competición acadaron a oitava posición (antepenúltimos) con 13 puntos acadados (4 partidos gañados, 1 empatado e 13 perdidos).

A traxectoria non foi a que gustaría pero a idea era a de dar minutos a uns xogadores pouco experimentados para que fosen collendo esa soltura e experiencia que se necesita no fútbol actual. Neste sentido, o resultado foi satisfactorio.

COPA: Eliminados na primeira rolda

Discreto traballo dun equipo que non foi quen de competir na meirande parte da Liga

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	24-03-2018	16:00	OROSO F.S. CLUBE DEPORTIVO	VILLESTRO S.D.	3 - 1

A Copa sería outra das competicións na que participou o equipo Cadete baixo a modalidade de Play-Off a partido único, tocándolle como rival de cuartos de final o Oroso F.S.C.D.

A singradura sería curta xa que quedaron apeados no primeiro encontro por un resultado de 3 goles a 1, o que poñía punto e final a tempada oficial do equipo Cadete de fútbol sala.

Solo cabe esperar que aproveitaran os minutos e as condicións táctico-técnicas que ofrece o fútbol sala para adquirir coñecementos e experiencia de cara á tempada que vén.

ALEVÍN "A" FÚTBOL SALA

EQUIPO:
PALACIOS AGRAFOJO, HUGO
ALONSO CANCELA, ALEJANDRO
ALONSO GONZALEZ, ANTON
FRAGA AGRAS, JUAN
REY BLANCO, ANXO
SUAREZ PENA, HUGO
TORRES FERNANDEZ, HUGO
VARELA LUEIRO, IVAN
VILLA MARIÑO, SERGIO

ADESTRADOR:
CONDE CASAIS, JORGE

1ª FASE LIGA: Subcampións de grupo

Tanto na primeira fase da Liga como na segunda, o Alevín "A" proclamouse subcampión

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D.	21	8	3	0	0	4	0	1	72	8	0

O equipo Alevín "A" de fútbol sala entraría na competición de sala como un complemento ao traballo que se estaba e desenvolver na modalidade de fútbol campo, co fin de que os rapaces foran adquirindo os aspectos técnicos que este deporte require.

Sen máis principios que este, comezarían a competición dunha Liga que se xogaría a 1 soa volta, e na que os primeiros clasificados conformarían un grupo selecto de equipos que loitaría polo título. A súa traxectoria, nesta primeira fase, sería un paseo xa que só perderían un encontro, pola mínima, ante o campión de grupo, logrando vencer o resto de partidos por goleada.

Remate da primeira Fase acadando o subcampionato con 21 puntos (7 vitorias e 1 derrota, sen empates), 72 goles a favor e 8 en contra.

2ª FASE LIGA: De novo subcampións e pase aos Play-Offs

Tanto na primeira fase da Liga como na segunda o Alevín "A" proclamouse subcampión

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D.	15	8	2	0	2	3	0	1	27	22	0

Nun grupo no que integrarían os mellores e nun sistema de liga a unha soa volta, a competición subiría o seu nivel e os encontros serían máis disputados. Non o deberon asimilar ben ao principio os rapaces de Jorge Conde que comezarían, esta segunda fase, con 2 derrotas. Lograron repoñerse con 2 vitorias, logo viría outra derrota e no sprint final do campionato conseguirían 3 valiosas vitorias que lles permitirían rematar na 2ª posición do liguiña con 15 puntos (5 partidos gañados e 3 perdidos, sen empates), 27 goles a favor e 22 en contra.

Esta clasificación outorgoulles o dereito a disputar o Play-Off polo título .

PLAY OFF-LIGA: Campións de Liga

O punto de penalti deu ao Alevín "A" do título de Liga

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	06-05-2018	10:00	VILLESTRO S.D. "A"	LA SALLE	10 - 1
Semifinal	11-05-2018	20:00	ALTO DO VENTO V AUTO	VILLESTRO S.D. "A"	3 - 4
Final	13-05-2018	11:00	VILLESTRO S.D. "A"	ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO	1 - 1

O Alevín "A" afrontaba con toda a ilusión a loita polo título de Liga nun Play-Off a partido único, dereito gañado nas fases previas disputadas.

Feito o sorteo, en cuartos de final mediríanse ao equipo de La Salle, ao que lograrían eliminar sen maiores apuros por 10 goles a 1.

Nas semifinais agradaban os nosos veciños e amigos do Alto do Vento-"V" Auto, que viña de derrotar ,en cuartos de final, á S.D. Villestro Alevín "B". Encontro disputado de principio a fin no que os rapaces de Jorge Conde lograrían impoñerse por un axustado 3-4, que lles daba o pase á final e a posibilidade de proclamarse directamente campión de Liga.

O rival na final sería o E.D. Santiago. Como en toda final, as forzas igualáronse moito entre os 2 mellores equipos e o partido estivo tremendamente disputado, ata tal punto que ao remate do mesmo o marcador reflectía un empate a 1 gol, debendo decidir o campión dende o punto de penalti. Nesta lotería, a sorte caeu do lado da S..D. Villestro que se proclamaría xusto vencedor ó non fallar ningunha pena máxima.

CAMPIONATO PROVINCIAL: Subcampións da Coruña

As baixas mermaron as posibilidades de acadar o título provincial

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Semifinal	27-05-2018	12:30	VENTORRILLO F.S. "B"	VILLESTRO S.D. "A"	1 - 4
	27-05-2018	18:15	VILLESTRO S.D. "A"	C.M. I. UNIDAD DE FENE F.S.	1 - 5

O subcampionato de Liga outorgaba o dereito a participar no Campionato Provincial, ao que tamén acudían os campións e subcampións das súas respectivas ligas de toda a provincia da Coruña.

A sede do Campionato Provincial sería a cidade da Coruña e ata alí se desprazaba o equipo de Jorge Conde en cadro, con baixas importantes no grupo, para disputar os Play-Offs polo título entrando directamente a competir en semifinais.

O seu rival sería o Ventorrillo F.S. "B" ao que lograrían derrotar por un claro 1-4, despois de realizar un grande encontro e que lle permitía disputar contra todo prognostico a Final Provincial.

Nela agardaba o C.M.I. Unidad de Fene F.S., que non deu opción, en ningún momento, aos rapaces de Jorge Conde que notaron demasiado as baixas coas que acudiron ao campionato. Ao remate, un claro 1-5 dáballe o título, merecidamente, ao equipo de Ferrolterra. De novo volvía quedar ás portas do éxito.

Rematada a competición só queda felicitar ao Alevín "A" polo curso de sobresaliente que fixo. Parabéns!!

ALEVÍN "B" FÚTBOL SALA

EQUIPO:
ABOY RODRIGUEZ, ALEX
CARBAJO GARCIA, ANXO
GRANDE GOYANES, DIEGO
PASIN LOPEZ, SIMON
PAZOS CONDE, HUGO
PICON OTERO, PABLO
QUINTELA DURO, XAVIER
VALVERDE ESTENS, TIAGO

ADESTRADOR:
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, ANTOLÍN

DELEGADO:
PAZO FERREIRO, JUAN CARLOS

1ª FASE LIGA: Polo bo camiño

Primeira fase na que o equipo foi de máis a menos pero que logaría clasificarse

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
4	VILLESTRO S.D.	14	9	1	1	3	3	1	0	38	30	0

O equipo Alevín "B" de fútbol sala estivo enmarcado no Grupo "B" da competición, disputando unha liguiña a unha soa volta na que os 4 primeiros clasificados entrarían a formar parte doutra liguiña que loitaría por entrar nos Play-Offs.

Así, o equipo de "Tolín" entraría con bo pé na competición con 2 vitorias e un empate. O resto da fase sería máis trabada, aínda que continuaría sumando puntos. Ao remate desta acadarían o 4º posto na clasificación con 14 puntos grazas aos 4 encontros gañados e aos 2 empatados, con 3 derrotas colleitadas.

Rematada con boa nota esta primeira Fase, o cuarto posto permitiulles entrar na 2ª Fase na que pelexarían por acceder aos Play-Offs de loita polo título de Liga .

2ª FASE LIGA: Campións de grupo e a loitar polo título

Gran segunda fase do Alevín "B" que se amosou intratable

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
1	VILLESTRO S.D.	19	8	4	0	0	2	1	1	37	15	0

O Alevín "B" afrontaba unha nova etapa da competición sabendo que o nivel da mesma subiría, e non sabendo como ían responder en cada encontro os seus novos rivais.

Comezaba forte a 2ª Fase os pupilos de Tolín gañando, de forma clara, os 4 primeiros encontros, o que daba forzas aos rapaces para agarrarse ao liderado do grupo. Na quinta xornada chegaría a única derrota que non amedrentou ao equipo e remataría esta Fase con 2 vitorias e un empate que lle daban o liderado da clasificación.

Deste xeito acabarían esta 2ª Fase como campións de grupo con 19 puntos sumados en 6 vitorias, 1 empate e 1 derrota; con 37 goles a favor e 15 en contra. A participación no Play-Off polo título estaba asegurada e a moral polas nubes.

PLAY OFF COPA: Eliminados en semifinais

O punto de penalti privou ao Alevín "B" de chegar á Final de Copa

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	18:00	VILLESTRO S.D. "B"	S.D. A GAIOLA F.S.	4 - 2
Semifinal	07-04-2018	17:05	VILLESTRO S.D. "B"	ALTO DO VENTO V AUTO	4 - 4

Outra das competicións nas que puido participar o Alevín "B" foi a da Copa, que comezaría unha vez rematada a fase regular da Liga e antes de que se disputase o Play-Off polo título.

Nunha competición baseada en eliminatorias directas a 1 só partido, a S.D. Villestro Alevín "B" comezaría o torneo do KO enfrontándose en cuartos de final á S.D. A Gaiola F.S., ao que lograrían derrotar por 4 goles a 2, o que lles permitía seguir adiante e pasar rolda.

Xa en semifinais agardaba o Alto do Vento-"V" Auto para ver quen se facía cun posto na final. O partido resultou emocionante, intenso e de poder a poder dende o pitado inicial até o final do mesmo ao que se chegou cun empate a 4 goles. Había que acudir aos penaltis para decidir o vencedor da eliminatoria, e mesmo aí houbo emoción, debendo tirar 6 penaltis cada equipo. A sorte daríalle as costas ao Alevín "B" quedando fóra da final ao errar a última das penas máximas.

Con sabor agridoce remataría a competición o equipo Alevín "B" de fútbol sala, pero coas boas sensacións que deixaron durante toda a tempada.

O futuro da S.D. Villestro xa é presente e este é moi prometedor. Parabéns rapaces!!

PLAY OFF-LIGA: Eliminados en cuartos de final

De novo o Alto do Vento-"V" Auto sería o verdugo do Alevín "B"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	28-04-2018	19:00	VILLESTRO S.D. "B"	AMIO S.D. "B"	4 - 2
4º	05-05-2018	19:00	ALTO DO VENTO V AUTO	VILLESTRO S.D. "B"	4 - 2

Chegado o momento da verdade, o Alevín "B" acudía ao Play-Off coa ilusión de chegar o máis lonxe posible e cos ánimos intactos despois de realizar unha gran fase clasificatoria na que quedaron campións.

Entrarían en competición en oitavos de final onde o rival a bater sería o Amio S.D. "B" ao que lograrían apear da carreira polo título tras impoñerse por 4 goles a 2. A xeira de vitorias continuaba e conseguiron o pase a cuartos de final.

Alí agardaban os amigos do Alto do Vento-"V" Auto, quen cortarían de raíz a dinámica gañadora do Alevín "B" ao vencer a eliminatoria de cuartos por 4 goles a 2, o que provocou a pronta eliminación dos rapaces de Tolín na loita polo título.

A pesar da eliminación no Play-Off polo título de Liga, a tempada do Alevín "B" de fútbol sala só pode cualificarse como de sobresaliente.

Gran grupo de rapaces que garante o futuro do Club.

Parabéns a todos os compoñentes e ao adestrador !!.

SUPERCOPA ALEVÍN FÚTBOL SALA

ALEVÍN "A": Campión Supercopa de Fútbol Sala

Superou, pola mínima, a un grande Alevín "B"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Final	10-06-2018	18:00	VILLESTRO S.D. "A"	VILLESTRO S.D. "B"	4 - 3

Os Alevíns "A" e "B" disputaron unha gran Supercopa de Fútbol Sala

Só se pode cualificar de grandísimo o encontro da Final de Supercopa Alevín de Fútbol Sala que disputaron, o domingo 10 de xuño, os equipos Alevín "A" e "B" da S.D. Villestro.

Encontro de poder a poder, sen concesións, sen respiro, sen amiguismos, cun gran nivel de competitividade.

Os rapaces de Tolín (Alevín "B") saíron a por todas e poríanse pronto por diante no marcador. O Alevín "A" empataría e lograría porse por diante pero, o Alevín "B", poría de novo o equilibrio no marcador . Cada vantaxe tomada do Alevín "A" era interceptada polo equipo "B" até que no minuto 37 o equipo de Jorge Conde (Alevín "A"), nesta ocasión dirixidos por "Choco", lograban por o 4-3 definitivo co que chegarían ao final do encontro.

O Alevín "A" faríase co título da Supercopa de Fútbol Sala, pero realmente venceron os dous equipos!!!

ALEVÍN "B": Gran Subcampión Supercopa de Fútbol Sala

Tratou de ti a ti ao Alevín "A" loitando até o final do encontro

BENXAMÍN "A" FÚTBOL SALA

1ª FASE LIGA: Gran xogo despregado

Lograron unha 3ª posición que os clasificou para a 2ª Fase

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
3	VILLESTRO S.D.	14	7	1	1	1	3	1	0	38	19	0

Comezaba a Liga Regular o Benxamín "A" de fútbol sala nunha competición que se xogaría a unha soa volta e na que os mellores clasificados pasarían a loitar polo título.

O resultado desta primeira Fase sería dun notable alto para o equipo dirixido por Marcos Conde, que finalizaría na 3ª posición grazas aos 14 puntos logrados que lles deron as 4 vitorias, 2 empates e 1 soa derrota, con 38 goles a favor e 19 encaixados. Este terceiro posto permitiríalles disputar a segunda fase no grupo dos mellores, que loitarían por entrar no Play-Off polo título de Liga.

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	23-12-2017		VILLESTRO S.D.	RACING SAN LORENZO	3 - 3
2	09-11-2017	17:45	CALO S.R.	VILLESTRO S.D.	0 - 5
3	19-11-2017	13:10	AMIO S.D. "B"	VILLESTRO S.D.	3 - 13
4	26-11-2017	11:40	VILLESTRO S.D.	ATLETICO FATIMA	0 - 6
5	02-12-2017	10:00	LA SALLE "A"	VILLESTRO S.D.	5 - 5
6	10-12-2017	10:00	VILLESTRO S.D.	LA SALLE "D"	8 - 1
7	14-12-2017	18:10	FUTSAL BOQUEIXÓN	VILLESTRO S.D.	1 - 4

2ª FASE LIGA: Subcampións de grupo

Gran 2ª Fase do torneo na que ofreceron un bo fútbol

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D.	17	10	3	1	1	2	1	2	32	32	0

A segunda fase sería máis competida dado o maior nivel dos integrantes do grupo, pero o nivel acadado polo Benxamín de Fútbol Sala tamén subiu e soubo adaptarse ás novas exixencias da competición. Comezarían o campionato con bo pé, situándose na parte alta da clasificación. Logo de 2 derrotas seguidas chegaría unha alternancia de resultados nos que primarían os partidos gañados.

Rematada a competición, 2º posto conseguido con 17 puntos (5 partidos gañados, 2 empatados e 3 perdidos, con 32 goles a favor e 32 encaixados.

O subcampionato concedía o pase directo ao Play-Off polo título. Gran fase a do Benxamín de sala que subiría a nota a sobresaliente.

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
1	20-01-2018	20:00	ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO	VILLESTRO S.D.	2 - 2
2	28-01-2018	12:00	VILLESTRO S.D.	PRAIÑA SPORTING CLUB	5 - 2
3	01-02-2018	18:00	VILLESTRO S.D.	MILLADOIRO S.D. "A"	3 - 2
4	18-02-2018	13:00	O PINO S.D.	VILLESTRO S.D.	6 - 2
5	25-02-2018	13:07	VILLESTRO S.D.	RACING SAN LORENZO	0 - 5
6	03-03-2018	19:00	VILLESTRO S.D.	ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO	3 - 2
7	10-03-2018	19:00	PRAIÑA SPORTING CLUB	VILLESTRO S.D.	6 - 4
8	18-03-2018	12:00	MILLADOIRO S.D. "A"	VILLESTRO S.D.	1 - 4
9	15-04-2018	10:00	VILLESTRO S.D.	O PINO S.D.	3 - 3
10	22-04-2018	12:00	RACING SAN LORENZO	VILLESTRO S.D.	3 - 6

PLAY OFF-LIGA: A gran decepción!!

A gran traxectoria das Fases Previas non serviu para chegar á Final

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	29-04-2018	13:10	VILLESTRO S.D.	ESCOLA DEPORTIVA SANTIAGO	0 - 3

EQUIPO:
ALVAREZ GARCIA, ANA XIN
ALVAREZ PRIETO, ALBERTO
CRUCES MOSQUERA, MARCOS MANUEL
GARCIA VILLARES, SERGIO
LAGO BARGE, MATEO
LOIS FERNANDEZ, PEDRO
MOSQUEIRA VIDAL, JESUS
PEREIRA FERNANDEZ, ANXO
VARELA PALACIOS, PEDRO
VÁZQUEZ DE PARGA PAYNO, MATEO
VIDAL VIQUEIRA, ALBERTO
VILLAR NOYA, IKER

ADESTRADOR:
CONDE SEOANE, MARCOS

A magnifica traxectoria realizadas nas fases permitiu ao equipo Benxamín acceder a disputar o Play-Off polo título cos mellores equipos, un play off que se xogaría a partido único.

Entrarían xa en oitavos de final ante a E.D. Santiago, rival ao que se enfrontaran na 2ª fase e ao que lograran vencer por un axustado 3-2, polo que todo apuntaba a que a eliminatoria ía ser moi disputada.

Pese a lograr vencerlles na fase de grupos, nesta ocasión non foron quen de repetir triunfo e, o equipo de Marcos Conde, caería derrotado por un claro 0-3, o que puña punto e final dunha forma demasiado cruel á excelente tempada realizada.

Parabéns a todos/as polo traballo realizado e que gozarades con el .

PREBENXAMÍN "A" FÚTBOL SALA

1ª FASE LIGA: Superada polos pelos

Un mal inicio de Liga fixo perigar o pase á 2ª Fase

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	VILLESTRO S.D.	8	6	1	1	1	1	1	1	7	7	0

EQUIPO:
FROMMENWILER MENDEZ, ANDRÉ
LOPEZ QUINTELA, RODRIGO
MOSQUEIRA VIDAL, JUAN
OGANDO MIRÁS, ADRIAN
REY HEREDIA, NICOLAS
REY PENA, ALEJANDRO
RIAL RAMOS, ALEJANDRO
RODRIGUEZ-TRELLES FREIRE, MAURO
RUZO SALVADOR, ALEX SEBEHAT
VAZQUEZ GARCIA, XOEL

ADESTRADOR:
SABUGUEIRO AVILÉS, DOMINGO A.

DELEGADO:
PÉREZ VÁZQUEZ, ALEJANDRO

Comezaba a primeira fase da Liga dos equipos Prebenxamíns de 1º ano, que se xogaría a unha soa volta, e na que os mellores clasificados pasarían a formar un grupo para entrar no Play-Off.

O Prebenxamín "A" entraría nun grupo moi igualado e os partidos foron moi disputados.

Comezarían con mal pé logo de colleitar 2 derrotas nos 2 primeiros encontros de liga. Lograría recuperarse conseguindo 2 vitorias nos dous seguintes e rematando a 1ª Fase con 2 empates.

Os puntos sumados serían suficientes para que o equipo pasara á rolda dos mellores grazas ao 5º posto da clasificación (2 partidos gañados, 2 empatados e 2 perdidos) con 7 goles a favor e 7 en contra.

Pasarían a entrar no grupo de equipos que loitarían por acceder ao Play-Off polo título.

2ª FASE LIGA: Subcampións de grupo

Gran segunda Fase que lles deu o Pase ao Play-Off de Liga e de Copa

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D.	19	8	3	0	1	3	1	0	17	5	0

Na segunda fase, cos mellores equipo,s o Prebanxamín "A" de Alejandro Pérez e Domingo Sabugueiro renderon a maior nivel logrando acadar o subcampionato do grupo con 19 sumados en 6 partidos gañados e 1 empatado, con tan só unha derrota e pase directo ao Play-Off polo título., así como disputar a competición de Copa.

Gran fase a do Prebenxamín "A".

PLAY-OFF COPA: Derrota en semifinais

O Atlético Fátima "C" foi demasiado equipo para o Prebenxamín "A"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	18:00	FUTSAL BOQUEIXÓN	VILLESTRO S.D.	0 - 2
Semifinal	07-04-2018	12:00	VILLESTRO S.D.	ATLETICO FATIMA "C"	0 - 3

Entre tanto non se disputaba o Play-Off polo título, houbo as eliminatorias de Copa na que o Prebenxamín "A" se clasificou grazas á boa clasificación da segunda Fase.

Comezaría en cuartos de final contra o Futsal Boqueixón, ao que lograría derrotar por 0 goles a 2 e continuar o seu camiño cara a semifinais. Alí esperaba como rival o Atl. Fátima "C" que daría boa conta dos rapaces de Alejandro e Domingo ao derrotalos por un claro 0-3, quedando coa mel nos beizos ao non poder chegar a gozar da final.

Eliminados da Copa, xa tocaba loitar pola Liga.

PLAY-OFF LIGA: Derrota en cuartos. Gran experiencia!

De novo o Atlético Fátima "C" foi o verdugo do Prebenxamín "A" en Cuartos de Final

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	28-04-2018	18:00	NOIA C.F.	VILLESTRO S.D.	1 - 2
4º	06-05-2018	11:00	ATLETICO FATIMA "C"	VILLESTRO S.D.	2 - 1

A magnifica traxectoria de liga tería o seu punto e final no Play-Off polo título no que unicamente lograrían superar unha eliminatoria.

Comezaron en oitavos de final ante o Noia C.F. ao que conseguirían derrotar por un axustado 1-2.

En cuartos de final tocaba enfrontarse ao Atl. Fátima "C" que exercería de novo como verdugo e botaría fóra, de novo, ao Prebenxamín "A" desta vez,por un axustado 2-1. Eliminación en cuartos e fin de tempada.

Bo ano o do Prebenxamín "A" que competiu a bo nivel de principio a fin. Parabéns a todos/as polo esforzo.

PREBENXAMÍN "B" GANCHO FUTSAL

EQUIPO:
IGLESIAS COSTOYA, HUGO
MARTIN RODRIGUEZ, RAFAEL
REGUEIRO OTERO, DAVID
SIEIRA DOSIL, XABIER
VAZQUEZ GARCIA, OLIVER
VIAÑO ROMARIS, RODRIGO
VILAS VARGAS, JOSE
LEIS ADRAN, HUGO

ADESTRADOR:
VILLAR BERMEJO, CESAREO
DELEGADO:
CUTRÍN GARCÍA, FERNANDO

1ª FASE LIGA: A primeira vez sempre é difícil

Non tivo unha boa Fase o Prebenxamín "B", que lle custou competir os encontros

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	VILLESTRO S.D. GANCHO FUTSAL	5	6	1	1	1	0	1	2	6	14	0

Prebenxamíns de primeiro ano dirixidos por Cesareo Bermejo que se encadrou no grupo B da primeira fase dunha liga que se disputaba a unha soa volta.

A traxectoria foi discreta logo de sumar, ao remate da liguiña, 5 puntos. Dos 6 partidos disputados venceron unicamente en 1, empataron 2 e perderon 3, marcando 6 goles e recibindo 14, o que os deixaría na 5ª posición da táboa clasificatoria. Este posto non permitiu que se clasificasen para o Play-Off tendo que conformarse con disputar a fase de consolación.

2ª FASE LIGA: Un duro camiño...

A Fase de Consolación non o foi tanto se ben o equipo tivo unha gran melloría

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	VILLESTRO S.D. GANCHO FUTSAL	4	8	0	1	3	1	0	3	6	18	0

Na segunda fase, cos equipos máis discretos, o Prebenxamín "B" Gancho Futsal competiu en todos os encontros celebrados, pero a vitoria non daba chegado en ningún deles rematando con derrotas moi axustadas. Un empate na cuarta xornada daba un pouco de respiro aos rapaces, respiro que tería que durar até a última xornada na que acadarían o único triunfo desta fase. Ao remate dela, 5ª posición para o Prebenxamín "B" Gancho Futsal con 4 puntos despois de vencer 1 encontro, empatar outro e perder 6, logrando marcar 6 goles e encaixar 18.

O de menos son os resultados. O importante é a formación recibida e a experiencia gañada neste primeiro ano de participación na categoría .

PREBENXAMÍN "C" ALTO DO VENTO

EQUIPO:
BASANTE MEIJIDE, SAUL
BATOVAZ CAMPOS, MARCO
CALVO BOQUETE, DARIO
GARCIA AGRAFOJO, ARON
LORENZO LOPEZ, BRUNO
MOSQUERA SEOANE, BRAIS
PEREZ BLANCO, IAGO
SANTAMARIA BLANCO, RODRIGO

ADESTRADOR:
CALVO CAAMAÑO, DAVID

1ª FASE LIGA: Subcampións da 1ª Fase da Liga

Competición impoluta con só unha derrota ante o Bertamiráns C.F. "A"

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO	15	6	2	0	1	3	0	0	27	2	0

Nestas idades tan novas a experiencia é un grado, e que mellor exemplo que o que nos amosou este curso o Prebenxamín "C"- Alto do Vento. Xogadores de 2º ano de prebenxamín pero que xa levan varias campañas xogando xuntos e iso notouse no xogo desenvolvido.

Na primeira Fase da Liga, onde os primeiros clasificados pasarían a englobar un grupo que xogaría o Play -Off polo título, os rapaces dirixidos por David Calvo realizaron un extraordinario papel quedando subcampións de grupo con 15 puntos, grazas aos 5 partidos vencidos e só unha derrota logrando marcar 27 goles e recibir tan só 2.

A clasificación para a 2ª fase de disputa do Play-Off estaba asegurada.

2ª FASE LIGA: De novo Subcampións

Gran 2ª Fase que os clasificou para xogar o Play-Off pola Liga e a Copa

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO	25	10	4	0	1	4	1	0	28	6	0

Na nova fase que seleccionaría aos equipos que disputarían o Play-Off polo título, o Prebenxamín "C"-Alto do Vento volveu dar conta da súa calidade cun gran torneos no que tan só perdería un encontro e empataría outro.

Ao remate desta 2ª Fase volvería rematar na 2ª posición con 25 puntos grazas aos 8 partidos gañados e a 1 empate, marcando 26 goles e encaixando tan só 6. Aquí xa se comezaba a albiscar que sería o verdugo dos rapaces de David Calvo, o Bertamiráns C.F. "A" volvía ser o único equipo que lograba derrotar ao Prebenxamín "C".

Unha segunda posición que lle outorgou o pase para disputar o Play-Off polo título, así como o torneo de Copa.

PLAY-OFF COPA: Subcampións de Copa

Novamente o Bertamiráns C.F. "A" se cruzaría no camino do Prebenxamín "C"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	10:00	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	C.D. COMPAÑÍA DE MARIA	4 - 0
Semifinal	07-04-2018	10:00	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	ATLETICO FATIMA "B"	4 - 0
Final	08-04-2018	10:00	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	BERTAMIRANS C.F. "A"	1 - 2

Namentres non se celebraba o Play-Off polo título de Liga disputouse a competición de Copa.

O equipo de David Calvo comezaría a súa andaina no torneo do KO en cuartos de final enfrontándose ao C.D. Compañía de María, ao que vencerían por 4 goles a 0. En semifinais o rival a bater sería o Atl. Fátima "B", ao que tamén lograrían derrotar polo mesmo resultado anterior, 4-0. Na final agradaría o Bertamiráns C.F "A", verdugo dos rapaces de David Calvo xa que foi o único equipo que vencería en todos os emparellamentos na fase de grupos, e non sería menos na final, logrando impoñerse por un axustado 1-2. Deste xeito, o Prebenxamín "C"-Alto do Vento quedaría Subcampión de Copa.

PLAY-OFF LIGA: Subcampións de Liga

Outra vez o Bertamiráns C.F. "A" trunca as aspiracións do Prebenxamín "C"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	04-05-2018	20:00	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	PRAIÑA SPORTING CLUB "A"	3 - 0
Semifinal	12-05-2018	20:00	ATLETICO FATIMA "A"	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	0 - 4
Final	13-05-2018	12:00	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	BERTAMIRANS C.F. "A"	1 - 3

Rematada a Copa, o Prebenxamín "C" tentaría resarcirse da derrota da Final de Copa coa consecución do título de Liga.

Comezaría enfrontándose ,en cuartos de final, ao Praíña Sp.C. "A" ao que derrotarían por 3 goles a 0. Na semifinal tocaría medirse ao Atl. Fátima "A" ao que tamén vencerían con solvencia por 0-4 clasificándose merecidamente para a final.

Unha vez máis, o Bertamiráns C.F "A" estaba agardando aos rapaces de David Calvo e, de novo, volvería vencer no choque por 1 gol a 3.

Novamente ás portas do éxito, ante o mesmo rival, e co mel nos beizos.

CAMPIONATO PROVINCIAL: Gran terceiro posto

Os penaltis privaron ao Prebenxamín "C" de acceder á Final

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Semifinal	27-05-2018	12:30	LA BELLOTA O PARRULO "A"	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	1 - 1
Final	27-05-2018	17:00	VENTORRILLO F.S.	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	1 - 2

A boa traxectoria ligueira permitiulle acceder ao Campionato Provincial contra os mellores equipos da provincia da Coruña.

Desprazaríanse até a cidade da Coruña para disputar o Play-Off polo título provincial, que comezaría en semifinais co enfrontamento ante o La Bellota O Parrulo "A" de Ferrol. Partido intenso e igualado que remataría con empate a un gol, o que obrigaba a ir ao punto de penalti para decidir o gañador. Na sorte dos penalti, esta, caeu do lado do equipo ferrolán, que pasaría á final do campionato deixando ao Prebenxamín "C"-Alto do Vento eliminado.

Só quedaba loitar polo terceiro e cuarto posto, e aí estaba agardando o Ventorrillo F.S. De novo partido moi igualado que os rapaces de David Calvo lograrían sacar adiante por 1 gol a 2 quedando, deste xeito, como 3º mellor equipo da provincia da Coruña.

Remate dunha tempada tan longa como intensa para un Prebenxamín "C" que estivo de sobresaliente.

SUPERCOPA PREBENXAMÍN-2: Por fin Campións!!

Aínda que nos penaltis, desta vez si lograían dobregar ao Bertamiráns F.C.

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
Final	09-06-2018	19:00	BERTAMIRANS C.F. "A"	VILLESTRO S.D. ALTO DO VENTO "C"	2 - 2

Nesta nova modalidade de competición en fútbol sala, o equipo Prebenxamín "C"-Alto do Vento acudía á Supercopa en calidade de subcampión, xa que o seu rival, o Bertamiráns F.C. "A" era o actual Campión de Liga e Copa.

Encontro que se antollaba ía ser competido por dous grandes equipos que xa se viran as caras en varias ocasións nesta tempada, sempre co mesmo resultado a prol do equipo do val da Mahía, e que xa se coñecían moi ben.

Pero o equipo dirixido por David Calvo tiña esa pequena espiña cravada de todos os enfrontamentos perdidos co Bertaniráns F.C: "A", e tentaría dar batalla no último encontro do curso.

E así foi. O Prebenxamín "C"-Alto do Vento sairía enchufado no partido e collería vantaxe xa no minuto 1 do encontro, e aumentouna no 11, logrando chegar ao descanso por diante no marcador con 2-0.

Na reanudación os papeis cambiaron e, o Bertamiráns F.C. "A", meteríase de novo no partido cun tempraneiro gol no primeiro minuto da 2ª parte, e empatando posteriormente o encontro no minuto 11. Deste xeito, chagábase ao remate do encontro con empate a 2 tantos, polo que serían os penaltis os que decidirían o vencedor da Supercopa Prebenxamín-2.

Nos penaltis os rapaces de David Calvo estarían máis atinados. O Bertamiráns F.C. "A" erraba o seu primeiro intento e a S.D. Villestro "C"-Alto do Vento non fallaba ningún, sendo Darío Calvo quen marcase o terceiro e definitivo penalti que daba o título de Campión da Supercopa Prebenxamín-2.

Gran peche de tempada. Magnifico curso deportivo. Parabéns Campións!!!

PREBENXAMÍN "D" PINTURAS J. GUERRA

EQUIPO:
BAO NOVÁS, IZAN
FERNANDEZ RODRIGUEZ, DANIEL
FORJAN COSTOYA, MARTIN
GUERRA SAAVEDRA, UXIO
NIETO LOPEZ, JUAN
OTERO LOUREIRO, SERGIO
REY BARREIRO, ALVARO
SANCHEZ OJEA, TEO

ADESTRADOR:
BOQUETE PANZUELA, LUIS MIGUEL

DELEGADO:
GUERRA CASTRO, JUAN JOSÉ

1ª FASE LIGA: Subcampións de Fase

Excelente a traxectoria do Prebenxamín "D" na primeira fase

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
2	VILLESTRO S.D. PINTURAS J. GUERRA	13	6	1	1	1	3	0	0	23	9	0

Comezaría o equipos Prebenxamín "D" a primeira fase da liga encadrado no grupo B dos Prebenxamíns de 2º ano, e realizando un excelente campionato, xa que ao remate deste lograrían unha gran 2ª posición con 13 puntos despois de 4 partidos gañados, 1 empatado e 1 perdido, marcando 23 goles e encaixando 9.

2ª FASE LIGA: Máis dura do agardado...

O aumento de nivel da 2ª Fase foi unha pesada lousa para o Prebenxamín "D"

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
5	VILLESTRO S.D. PINTURAS J. GUERRA	8	10	1	0	4	1	2	2	9	21	0

A segunda fase faríaselle moi costa arriba ao equipo dirixido por Juan Guerra. A maior competitividade da fase foi unha boa pedra de toque para estes rapaces que loitaron todos os encontros de principio a fin.

Ao remate dela quedaría clasificado no 5º posto con 8 puntos conseguidos, logrando vencer 2 partidos, empatar outros 2 e perder 6, marcando 9 goles e encaixando 21. A quinta posición permitiríalles entrar no Play-Off polo título, pero non Play-Off de Copa.

PLAY-OFF LIGA: Derrota en semifinais

Gran torneo de Liga no que quedaron ás portas da Final

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	28-04-2018	13:00	VILLESTRO S.D. PINTURAS J. GUERRA "D"	CLUB NOIA FUTBOL SALA	2 - 1
4º	06-05-2018	11:00	VILLESTRO S.D. PINTURAS J. GUERRA "D"	A.D. BURGO DAS NACIONS	2 - 0
Semifinal	12-05-2018	18:00	BERTAMIRANS C.F. "A"	VILLESTRO S.D. PINTURAS J. GUERRA "D"	3 - 1

No Play-Off polo título comezarían os enfrontamentos en oitavos de final, logrando derrotar ao C. Noia F.S., por 2 goles a 1. Na eliminatoria de cuartos de final o rival sería o A.D. Burgo das Nacións, ao que tamén derrotarían por 2-0. Pasaban a semifinais e alí agardaba o Bertamiráns C.F. "A", quen vencería ao Prebenxamín "D"-Pinturas Juan Guerra por 3 goles a 1 impedíndolles o paso á final.

Final de tempada e moi bo ano dos Prebenxamíns "D" que souberon competir moi ben.

BIBERÓN "A" FÚTBOL SALA

EQUIPO:
BLANCO LAGO, ALVARO
HERNANDEZ CAAMAÑO, UNAI
LALIN LALIN, DANIEL
MIGUEZ ESPPIÑEIRA, JUAN
MOSQUERA RIOS, ALVARO
OVIEDO PEREZ, MARTIN
REY BARREIRO, PABLO
RODRIGUEZ SANDE, MARCOS
SANCHEZ NIETO, ALEIXO
VARELA RODRIGUEZ, ROQUE
VILLAVERDE FANDIÑO, XOEL

ADESTRADOR:
FERNÁNDEZ DÍAZ, PAULA

DELEGADA:
MOSQUERA RENDO, SILVIA

FASE PREVIA LIGA: Andiveron coma motos!!

Gran terceiro posto que os clasificou para os Play-Off de Liga e Copa

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
3	VILLESTRO S.D.	23	12	2	1	3	5	1	0	19	9	0

Pero que lle deron de comer a estes rapaces que fixeron unha fase de grupos de luxo? Certo é que é o seu segundo ano de experiencia en fútbol sala, nalgún caso xa o terceiro, e iso nótase.

Gran campionato que remataron na 3ª posición con 23 puntos, gañando 7 partidos, empatando 2 e perdendo outros 2, con 19 goles marcados e 9 encaixados. Magnífico o de Paula Fernández e Silvia Mosquera con estes rapaces que lograría clasificar para o Play-Off polo título de Liga e de Copa.

PLAY-OFF COPA: Eliminados en primeira rolda

Derrota pola mínima en Cuartos de Final

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
4º	25-03-2018	11:00	CLUB NOIA FUTBOL SALA	VILLESTRO S.D. "A"	1 - 0

Un gran posto na táboa deulle a clasificación para xogar a competición de Copa. Nesta unicamente xogarían unha soa eliminatoria, entrando en cuartos de final ante C. Noia F.S., equipo que lograría derrotar ao Biberón "A" por un axustado 1-0 e poñerlle o punto e final a esta competición.

PLAY-OFF LIGA: De novo eliminados en Cuartos de Final

Nesta ocasión serían os peques da S.D. Dubra os que eliminarían ao Biberón "A"

Jornada	Fecha	Hora	Equipo Casa	Equipo Fuera	Resultado
8º	29-04-2018		VILLESTRO S.D. "C"	VILLESTRO S.D. "A"	-
4º	06-05-2018	13:00	DUBRA S.D.	VILLESTRO S.D. "A"	2 - 0

No Play-Off entrarían á competición de cuartos de final contra á S.D. Dubra, pero a boa liña amosada na fase regular non serviu para derrotar ao equipo do Dubra, que gañarían por 2 goles a 0 e apearían aos peques de Paula e Silvia da loita polo título.

Final dunha gran tempada e agora a descansar e coller forzas para o ano .

BIBERÓN "B" FÚTBOL SALA

EQUIPO:
DOMINGUEZ PENA, LOIS
FERRO LEON, LOIS
FERRO LEON, MARTIÑO
GRILLE BARBAZAN, AARON
LAGO RECOUSO, PABLO
OJEA CALVO, DAVID JOSE
RODRIGUEZ SOBBRINO, ALBERTO
SANCHEZ PINTOS, LEO
VAZQUEZ GARCRIA, LUCAS
VIEITES MAREY, IVAN

ADESTRADOR:
SANTOS MARTÍN, DANIEL

DELEGADA:
LAMAS CARVALHO, SAMANTHA

LIGA: Nada máis chegar…, e Campións de Liga!!

Non puideron comezar de mellor maneira os Biberón "B".

Clasificación				Casa			Fuera			Goles		Sanción
Posición	Equipo	Puntos	J.	G.	E.	P.	G.	E.	P.	F.	C.	Puntos
1	VILLESTRO S.D.	13	6	2	1	0	2	0	1	14	7	0

Pequenos pero rabudos!!! Así son os máis peques do Club que tamén educa, e de forma maxistral, Daniel Santos.

Na súa primeira experiencia no deporte colectivo o resultado foi de matrícula de honra.

O Biberón "B" rematou na 1ª posición con 13 puntos, grazas ás 4 vitorias, 2 empates e tan só 1 derrota acadada, logrando marcar 14 goles e encaixar tan só 7.

Para empezar non está nada mal!!!

Excepcional o traballo de Dani Santos cos pequerrechos. A seguir así!!!

Parabéns a todos!!!

RODRIGO IGLESIAS MOSQUERA "RODRI"

Eu xogo de porteiro

Rodri, natural de Ortoño, no concello veciño de Ames, comezaría a súa andaina deportiva no 2002, con 8 anos, defendendo a portería da S.D. Villestro.

O seu bo facer debaixo dos paus non pasou desapercibido para a base do Depor, reclutándoo para as súas filas cando aínda era alevín e continuau con eles a súa formación.

*No ano 2012 daría o salto a **3ª División** da man do Fabril.*

*Continuaría nesta mesma categoría durante 3 tempadas máis en equipos como C.D. Boiro, C.D. Ribadumia e de novo C.D. Boiro, co que lograría o ascenso e faría o seu debut na **2ª División "B"** na tempada 2016-17.*

Neste curso volvería á 3ª División da man da S.D. Negreira, ao tempo que defendeu a camisola da Selección Galega Amateur (Regiones UEFA) .

Eu xogo de porteiro.

Si, eu son un máis dos que cada día goza poñéndose entre os tres paus…, e pensar que cando era neno non me gustaba...

Eu era un deses nenos "raros" que non tiña o balón sempre debaixo do brazo. Eu sempre o dicía, o meu eran os coches, ata que descubrín o amor que lle tiña a isto de xogar de porteiro.

A miña relación coa portería e moi boa, incluso se podería dicir que estou namorado dela…!, pero non vaiades a crer que todo foi festa. Os inicios foron complicados. De neno o que máis odiaba era que meus curmáns me puxeran diante do bendito portal da miña casa a "pararlles uns tiros", pero por sorte todo cambiou.

Cambiou dun día para outro, tan rápido, que case non me din conta. De súpeto xa era eu o que se poñía diante do portal e incluso na escola entre dúas pezas de roupa que simulaban os postes. Comecei a miña andaina nos meus primeiros equipos de fútbol e dinme

conta de que isto xa non tiña marcha atrás. Recordo o meu primeiro adestramento nesa familia á que lle chaman S.D. Villestro, entre unha maraña de nenos que estaban seleccionando para formar parte do equipo A e do equipo B, e vin que os adestradores se dirixían a min: "-...e ti de que xogas?", preguntáronme. "-Eu xogo de porteiro" dixen convencido e cheo de orgullo. Foi alá polo 2002 e foi a primeira vez que me sentín orgulloso de ser porteiro e por sorte, non foi a última.

Comezaba entón a aventura da miña vida, xogar de porteiro. Digo aventura porque, quen dixo que ser un deses "tolos" que se poñen baixo os paus é fácil?, para nada. Aparecen os primeiros fallos, as primeiras críticas e as primeiras suplencias xa que, por desgraza ou por sorte, de porteiro só xoga un. Todo parece derrubarse e é aquí cando aprendes porque aos porteiros nos cualifican como "tolos", xa que a pesar de todos eses momentos tan duros decides volver poñerte diante da túa amada portería. Ser porteiro consiste niso, ter unha fortaleza mental xigantesca que nos axude a "parar" todos os obstáculos que se nos poñan diante.

Dende a experiencia gustaríame dicirlles a todos os meus compañeiros de paixón, dende os máis pequenos ata os máis veteranos, que non se veñan abaixo nunca que de todos os erros se aprende. Que sigan adestrando e mellorando día a día. Que o dean todo cada un dos días que se poñan a defender os tres paus, xa que non hai maior satisfacción que conseguir que a túa amada amiga non sufra o temido gol.

Para os familiares, pídolles que entendan esta paixón de ser porteiro e que animen nas boas e nas malas. Eles, a familia, forman parte dese muro mental que temos todos os porteiros.

Por último, a todos os que coma min levan dentro esta paixón e están namorados da portería, defendédea sempre da mellor maneira que saibades, gozade cada día como se fose o último e deixádevos namorar dela, vai ser unha relación difícil pero facédeme caso, VALE A PENA.

Eu xogo de porteiro!!

Rodrigo Iglesias

IX MEMORIAL SERGIO LEMOS

COMA SEMPRE, O SEU RECORDO PERMANECE IMBORRABLE

Un ano máis a familia da S.D. Villestro rendeu homenaxe a Sergio Lemos polo noveno aniversario do seu triste e doloroso falecemento.

O encontro celebrouse o 15 de agosto no campo de fútbol da Barrosa.

Baixo un sol de xustiza, a S.D. Villestro sénior enfrontouse ao equipo xuvenil da S.D. Compostela que militaba na Liga Nacional.

Na previa do mesmo o Club faría entrega, como xa é tradicional, dun ramo de flores a Mónica Lemos, irmá xemelga do homenaxeado e que asistiría, ao igual que cada ano, en representación de toda a familia de Sergio.

Posteriormente faría o saque de honra do encontro ante a atenta mirada dos 2 equipos formados respectuosamente no centro do campo para a ocasión.

Con numeroso público na bancada, a pesar de que o día convidaba a outra cousa, o encontro resultou moi entretido, no que os rapaces da S.D. Compostela non viñeron a pasearse senón a competir de principio a fin, cousa que é de agradecer e recoñecer!!.

O partido foi moi disputado e intenso, onde os rapaces da S.D. Compostela demostraron a súa calidade e a desenvoltura propia da súa idade.

Pola contra, os xogadores da S.D. Villestro, dirixidos por José Ramón, tampouco se deixaron amedrentar e souberon plantar cara, sabendo da importancia do encontro tanto pola súa emotividade do mesmo, como por ser o partido de presentación do equipo ante a súa afección, polo que deixar unha boa imaxe sería vital para crear ilusión de cara ao novo curso que estaba a piques de comezar.

Nun día tan especial para a S.D. Villestro o resultado foi o de menos, aínda que non sobra resaltar que a vitoria, ao remate do encontro recaeu no equipo organizador que, dito sexa de paso, era a primeira que acada nas 9 edicións que se leva disputado este Memorial.

Tamén foi digno de mención a profesionalidade e delicadeza dos rapaces da S.D. Compostela. Comportáronse como o que son, uns auténticos campións.

Parabéns e moitas grazas !!!

O encontro remata sen vencedores nin vencidos, polo que os equipos participantes reciben, da man de Mónica Lemos, un agasallo pola participación no Memorial.

Neste caso foron os capitáns da S.D. Compostela xuvenil de Liga Nacional e da S.D. Villestro quen recollen o premio. A pomba de Sargadelos coa que cada ano recordamos, e recordaremos, a Sergio.

CEA DE NADAL

AS TRADICIÓNS NON SE PODEN ROMPER!!!

Un ano máis o mes de decembro serviu para celebrar, de forma anticipada, a chegada do Nadal.

De novo pais e nais, xogadores e xogadoras, directivos, adestradores..., xuntáronse ao redor dunha mesa para celebrar todos xuntos o Nadal, compartindo unha magnífica cea na que non faltaron as sorpresas e os agasallos.

Como xa vén sendo costume, ao remate da cea procedeuse ao sorteo de agasallos, primeiro entre os máis pequenos e posteriormente serían os maiores quen terían a oportunidade de levar unha grata sorpresa para a súa casa.

O punto e final á festa pono a música e o desenfado, onde os máis pequenos se atreven a facer os seus primeiros pasos coreográficos (sen dúbida que algún é mellor que siga xogando ó fútbol), e os non tan pequenos demostran que o do balón xa quedou a un lado e que agora o bo é botar unha boas "pezas", sempre co risco de que nalgún caso a cadeira poida quedar maltreita.

O importante ao final é botar unhas boas risas e pasar un bo fin de festa cos compañeiros/as de equipo!!!

FINAL DE TEMPADA

OS TORNEOS DE VERÁN POÑEN PUNTO E FINAL Á TEMPADA

Rematadas as ligas das categorías de base, os distintos equipos participan en torneos de verán que organizan os diferentes Clubs.

Como xa vén sendo habitual, a S.D. Villestro envía aos seus peques a algún destes torneos co fin de que gocen do fútbol doutra maneira ben diferente ao da competición anual. Máis alá de vencer, o que importa é a confraternidade e o enfrontamento deportivo contra outros equipos cos que nunca coinciden no calendario oficial, así como amosar o traballo que dende o Club se está a realizar dende a base.

Non sendo obxectivo do Club a consecución de títulos nos torneos de verán, hai que resaltar que os nosos equipos foron enchendo as vitrinas da Entidade con numerosos trofeos que foron conseguindo.

Nin que dicir ten que, vendo como foi a competición anual, os equipos máis laureados serían o Prebenxamín "A" e o Alevín "A", se ben o Benxamín "A", Biberón e Alevín "B" tamén acadarían algunhas distincións.

Aínda así, e fose cal fose os resultados acadados, agardamos que todos e todas gozaran destas experiencias.

Incidir no orgullo que ten o Club de todos os equipos e rapaces que asistiron a estes torneos xa que a boa imaxe que deixaron, ben sexa pola súa competitividade ou pola educación e comportamento amosado durante a súa participación, nalgún caso foi acto de mención especial por parte das organizacións dos mesmos.

Imos por bo camiño!!!. Se queremos erradicar a violencia dos terreos de xogo hai que empezar por formar dende abaixo.

Parabéns a todos e todas!!!.

Parabéns adestradores/as e educadores/as. Grazas polo voso esforzo e polo bo traballo!!!

Torneo Racing San Lorenzo.
Benxamín "A": Subcampión
Prebenxamín "A" Campión

Torneo Benéfico de Pascua.
Alevín "B": Campión
Tiago: Trofeo porteiro menos goleado
Sergio Villa: Trofeo máximo goleador

III Torneo E.F. Boqueixón.
Prebenxamín: "A" Campión

VI Torneo Fútbol Base de Lousame.
Benxamín "A": 3º Clasificado

Torneo de San Mamede.
Prebenxamín"A": Campión

Torneo A.D.N. Negreira.
Benxamín "A": 4º Clasificado

Torneo de Praíña.
Benxamín "B": Subcampión Consolación

Torneo de Cordeiro.
Prebenxamín "B": 3º Clasificado

VI Torneo Ulla Cup 2018.
Prebenxamín "A": Campión

Torneo de Crocha.
Biberón: Campión

Torneo A.D. –Cruido.
Benxamín "A": 4º Clasificado

Torneo Racing San Lorenzo.
Alevín "C": Campión
Benxamín "B": Campión
Prebenxamín "B": Campión

Torneo de Fútbol Base de Esclavitud.
Prebenxamín"B": 3º Clasificado

Torneo Internacional Camiños de Compostela.
Cadete: Campión

Torneo Internacional Camiños de Compostela.
Alevín "A": Campión

Torneo Internacional Camiños de Compostela.
Alevín "C": Subcampión

Torneo Internacional Camiños de Compostela.
Benxamín "A": Subcampión Consolación

Torneo Internacional Camiños de Compostela.
Prebenxam,ín "A": Campión

OS TORNEOS DE VERÁN PUXERON PUNTO E FINAL Á TEMPADA DEPORTIVA DA S.D. VILLESTRO

GALA DO FÚTBOL GALEGO 2018

A S.D. VILLESTRO CLUB REFERENTE NO FÚTBOL BASE DE GALICIA

Distinción especial concedida pola Real Federación Galega de Fútbol
Á Gala do Fútbol asistiron unha ampla representación de todos os sectores do Club

Rematada a tempada de competicións oficiais e cos torneos de verán dos equipos de base dando os últimos coletazos, cando dende o

Club se estaban a pechar os últimos temas administrativos, contábeis e deportivos para poder abrir unha nova tempada, o xoves 21 de xuño recíbese unha carta da Real Federación Galega de Fútbol na que informa que na sesión ordinaria da mesa celebrada o 24 de maio acordouse, por unanimidade dos membros presentes, outorgar, a proposta do Presidente, á S.D. Villestro a distinción de CLUB REFERENTE NO FÚTBOL BASE DE GALICIA, polo traballo de promoción do fútbol base levado a cabo na Delegación de Santiago e que permite ó Club ser unha referencia en toda a comunidade galega.

Esta distinción foi entregada polo Delegado en Santiago de Compostela da Real Federación Galega de Fútbol, D. Javier Rodríguez Romero, o venres 29 de xuño na Gala do Fútbol Galego 2018 que se celebrou no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela.

Na mesma gala tamén levarían unha distinción especial polo mesmo traballo o Ural C.F. (Delegación da Coruña), S.D. O Val (Delegación de Ferrol), S.D.C. Residencia (Delegación de Lugo), E.D. Os Miudos (Delegación da Costa), Alondras C.F. (Delegación de Pontevedra), E.D.C. Verín (Delegación de Ourense) e U.D. Santa Mariña (Delegación de Vigo).

Sen lugar a dúbida, un dos premios máis importante que recibe a Sociedade Deportiva Villestro na súa curta historia. O recoñecemento ao traballo que se está a facer para que os mozos e mozas poidan facer o que máis lles gusta: xogar ao fútbol e formarse socialmente cos valores do deporte.

O Palacio de Congresos de Santiago tinguiuse de azul

Atendendo ás indicacións da Delegación de Santiago de levar o maior número posible de xogadores/as, a Sociedade Deportiva Villestro seguiu ao pé da letra o ditado e tinguiu de azul o auditorio do Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela.

Preto de 200 persoas mobilizou a Entidade entre xogadores/as, adestradores/as, directivos e pais e nais. Sen dúbida, a delegación máis numerosa dos equipos alí representados e que deu cor á Gala.

Especialmente rechamante sería a subida ao escenario no momento da recollida desta Distinción Especial, feito que mesmo chamaría a atención dos presentadores cun *"coidado que non son poucos!! (…) aquí hai canteira señores"*.

Os rapaces e rapazas desfilaron ordenadamente e colocáronse para a foto cunha coordinación e imaxe que parecía ensaiada para a ocasión, ate converter o escenario nunha gran marea azul. Unha vez colocados recibiron a calorosa ovación dos alí presentes, quizais a máis sonada, cando menos para nós. A ovación de todo o fútbol galego!!!

GALA DO FÚTBOL GALEGO 2018

MARCOS CONDE, COORDNADOR XERAL, RECOLLERÍA O GALARDÓN EN NOME DO CLUB

Esta festa do fútbol galego foi especialmente importante para a SD VILLESTRO posto que tivemos a gran honra de recibir unha MENCIÓN polo bo traballo realizado cos nosos equipos de FÚTBOL BASE, sen dúbida un dos recoñecementos máis importantes que se lle pode conceder a un Club, como é o feito de valorar o traballo e esforzo que se está a facer cos nenos e nenas.

Pasamos un momento emotivo e fermoso cando o Coordinador Xeral do Club, Marcos Conde Seoane, subiu ao escenario encabezando a numerosa comitiva que presentou a Entidade e en nome do presidente Suso Conde, recolleu este fermoso recoñecemento.

Na imaxe, acompañado á esquerda por Jose Noya, Secretario do Club, e á dereita por Jose López, Tesoureiro.

Especialmente quérese DEDICAR esta Mención ao Presidente do Club, Jesús Conde, que por motivo persoais non puido asistir á Gala, pero que en todo momento estivo informado e ao tanto do que alí ía acontecendo. A el quíxoselle dedicar dende o máis profundo do noso corazón este premio que, dende o momento no que foi comunicado, lle fixo especial ilusión.

Unha distinción especial a 35 anos de traxectoria ininterrompida, con momentos moi duros e outros máis pracenteiros, coa única idea, desde o primeiro momento, de que os rapaces/zas de Villestro puideran practicar deporte.

Pasaron moitos anos, moitos contratempos, e houbo que loitar contra toda clase de adversidades para demostrar que o deporte é útil, é san e que os nenos e nenas teñen que ter un espazo decente e un material axeitado para practicalo.

Agora o tempo deulle a razón. Parabéns Presi!!! O premio é para todos/as pero, para ti, máis que ninguén!!!!

Merecido!!!. Telo máis que merecido, Marcos!!!

É o xusto recoñecemento a un traballo sombrío, que ningún ve, nin saben que é o que fas… Pero ningún se pregunta quen organiza os equipos, quen cadra os horarios de adestramentos, quen distribúe os campos de adestramento, quen busca amigábeis, quen cambia partidos de data e hora, quen avisa da suspensión ou cambio de encontros, quen dá de alta as fichas, quen atende aos pais e nais, quen escoita as queixas, quen organiza o material de adestramento, quen busca adestradores, quen reparte e recolle as equipacións de xogo, quen lava a roupa, quen limpa, ordena organiza o almacén…, quen bota horas e horas e horas nas instalación sen nada a cambio!!!

O gran valedor da canteira

Fai ao redor de quince anos que decidiches de motu propio facerte coas rendas da Coordinación do Club, daquela con pouco máis de 10 equipos en total, para tentar facer fronte aos grandes tabeiróns brancos que non facían máis que levarse os mellores rapaces ás agochadas. Querías facer un Villestro grande e con identidade propia. 15 anos despois, no mellor momento da entidade con 29 equipos e 400 licenzas chega este recoñecemento. Casualidade…?, non…, é algo máis que iso. Chámase traballo, esforzo, dedicación, ilusión. Chámase MÉRITO!!!

GALA DO FÚTBOL GALEGO 2018

O PALACIO DE CONGRESOS DE SANTIAGO FOI AZUL…, FOI DO VILLESTRO

XUNTA DIRECTIVA

Presidencia:

Conde Míguez, Jesús

Secretaría:

Noya Conde, José Manuel

Tesourería:

López Rey, José Manuel

Delegado Club:

Conde Seoane, Marcos

Vocais:

Álvarez Quintáns, José Antonio

Conde Pazos, José

Gil Portela, Manuel Jesús

Otero Vieites, Alejandro

Otero Vieites, Javier

Puga Taboada, Miguel

Viqueira Iglesias, Víctor

SERVIZOS DEPORTIVOS

Coordinación fútbol:

Antelo Liste, Juan Carlos

Coordinación fútbol-8:

Conde Seoane, Marcos

Coordinación fútbol sala:

Conde Seoane, Marcos

Servizos fisioterapéuticos:

Vieito Vázquez, José Ramón

Material Deportivo:

Conde Seoane, Marcos

Equipacións:

Conde Seoane, Marcos

Lavandaría:

Conde Seoane, Marcos

Fontáns Rodríguez, Alberto

Redes Sociais:

Suárez Outeiro, Vicenta

Grafismo:

Quintáns Ríos Fco. Gabriel

Fotografía e vídeo:

Suárez Outeiro, Vicenta

Páxina web:

Quintáns Ríos, Fco .Gabriel

STAFF TÉCNICO

(adestradores e delegados)

1. Antelo Liste, Juan Carlos
2. Arce Fernández, Constantino
3. Boquete Panzuela, Luis Miguel
4. Boquete Vidal, Felipe
5. Boquete Vidal, Jesús Alfonso
6. Calvo Caamaño, David
7. Calvo Míguez, Daniel
8. Carballal López, Andrés
9. Conde Casáis, Jorge
10. Conde Seoane, Marcos
11. Díaz Fernández, Paula
12. Eitor Casal, Diego
13. Felpete Ouro, Diego
14. Fontáns Rodríguez, Alberto
15. Guerra Castro, Juan
16. Grille García, Álvaro
17. Lamas Carvalho, Samantha
18. Liméns Mosquera, David
19. Liméns Sexto, Marcos
20. Liñares Pachón, Antonio
21. López Rey, José Manuel
22. Lueiro Noya, José Manuel
23. Mosquera Rendo, Silvia
24. Mourelos Rodríguez, Ángel
25. Noya Conde, José Manuel
26. Outeiro Suárez, Vicenta
27. Pazos Conde Borja
28. Pazos Ferreiro, Juan Carlos
29. Pazos Rial, Juan J.
30. Pérez Vázquez, Alejandro
31. Rodríguez Rodríguez, Antolín
32. Rodríguez Romero David
33. Sabugueiro Avilés, Domingo A.
34. Santos Martín, Daniel
35. Vidal Landeira, Brais
36. Villar Bermejo, Cesáreo
37. Vieito Vázquez José Ramón

Imaxe da Cea de adestradores de final de tempada organizada polo Club á que asistiu boa parte do staff técnico

SPONSORS OFICIAIS

Equipo Veteranos

Equipo Sénior Masculino

Staff técnico

Pantalóns de xogo Club

Patrocinador equipo feminino "B" fútbol sala

Patrocinador equipo xuvenil

Patrocinador equipo Cadete "B"

Patrocinador equipo biberón fútbol-8

Patrocinador equipo Biberón "A" fútbol sala

Tenda oficial do Club

Equipo Prebenxamín "C" fútbol sala

Equipo Prebenxamín "A" fútbol-8

Equipo Alevín "D" fútbol-8

Chuvasqueiros equipo Infantil "A"

Chuvasqueiros equipo sénior masculino

Chuvasqueiros equipo sénior feminino

Pantalóns chándal equipo Amesport-Veteranos

PATROCINADORES PRINCIPAIS

Equipo Alevín "A" F.S.

Equipo Alevín "A" F-8

Equipo Alevín "C" F-8

Equipo Biberón "B" F.S.

Equipo Prebenxamín "D" F.S.

Equipo Alevín "A" F.S.

Equipo Sénior Feminino

Equipo Cadete

Equipo Benxamín "A" F-8

Sudadeiras Equipo Infantil "A"

Equipo Benxamín "B" F-8

Equipo Alevín "B" F-8

COLABORADORES

ENTES PÚBLICOS



S. D.

VILLESTRO

SDVILLESTRO

www.sdvillestro.com